

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 4 DE ABRIL DE 2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día catro de abril de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e don José Antonio Orosa Fernández, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros, de UxC, e dona M^a Victoria Amor Prieto, do BNG.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2013, sesión extraordinaria do día 14 de marzo de 2013 e sesión extraordinaria e urxente do día 18 de marzo de 2013

Dado que non puideron ser enviadas en tempo e forma, quedan para aprobación na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

2º Proposta de modificación do Regulamento orgánico municipal presentada polos grupos municipais do Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE), UniónxCambre (UxC), Bloque Nacionalista Galego (BNG), Esquerda Unida (EU) e polo concelleiro de Progresistas de Cambre (PdeC)

Vista a proposta de modificación do Regulamento orgánico municipal subscrita polos voceiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e polo concelleiro de PdeC, presentada no transcurso da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 26 de febreiro de 2013.

Vistos os informes emitidos en data 14 de decembro de 2012 e 27 de marzo de 2013 pola secretaria municipal.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 2 de abril de 2013.

Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 4246 o día 3 de abril de 2013, en nome dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e do concelleiro de PdeC, de emenda do ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 2 de abril de 2013.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, dá lectura ás emendas presentadas no citado escrito, cunha serie de correccións por varios erros detectados despois da súa presentación, quedando redactados os artigos emendados tal e como se transcriben a continuación:

“Artigo 108.1:

1 – A orde na que se deben tratar os asuntos é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ou sesións anteriores.

2. Parte resolutiva

2.1. Asuntos incluídos na orde do día, obxecto de ditame polas comisións informativas

2.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

3. Parte declarativa

3.1. Declaracións institucionais

3.2. Mocións dos grupos municipais

4. Parte de información, control e fiscalización

4.1. Informes do equipo de goberno

4.2. Rogos

4.3 Preguntas”

“Artigo 108.5:

5 – Nas sesións ordinarias, concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á parte declarativa, o presidente preguntará se algún grupo político ou membro da Corporación, no seu caso, desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba á convocatoria, relativo a algunha das atribucións que ten conferidas como propias segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o voceiro do grupo ou membro da Corporación propoñente xustificará a urxencia da moción e o pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación fose positivo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, seguirase o procedemento previsto no artigo 110 e seguintes deste Regulamento.

O disposto nesta alínea non será de aplicación, en ningún caso, ás mocións de censura, das que a súa tramitación, debate e votación se rexerán polo disposto no artigo 128 deste regulamento.”

“Artigo 115.1 c):

1 – c) Moción: Son mocions de urxencia as propostas que por iniciativa dos órganos de goberno municipal, de calquera dos grupos municipais, ou dun membro da Corporación, sométense directamente ao coñecemento, consideración e votación do Pleno nun asunto da súa competencia, segundo as atribucións que ten conferidas como propias en virtude do establecido no artigo 22 da Lei 7/1985 (artigo 63 do ROM). As mocions carecerán da eficacia precisa para a adopción inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade, posibilidade ou legalidade do acordo a adoptar.

Teñen tamén a consideración de mocions urxentes, aquelas propostas que teñan por obxecto o pronunciamento do Pleno sobre a necesidade de iniciar determinadas actuacións en asuntos da súa competencia. Neste suposto a moción, unha vez aprobada, servirá de resolución de incoación de oficio dun expediente que, trala súa instrución, se someterá á comisión informativa competente para que eleve o seu ditame á Corporación.

Para ser tratados requírese que o voceiro ou membro da Corporación proponente xustifique a urxencia e que o Pleno, por maioría absoluta, ratifique a declaración de urxencia e, polo tanto, a procedencia do seu debate.

As mocions formularanse mediante escrito dirixido ó Alcalde, e conterán unha parte expositiva ou xustificación , e proposta de acordo ou acordos que se deban adoptar.

Deberanse presentar no Rexistro de Entrada cunha antelación de tres días á sesión do Pleno onde se vaian tratar, e entregaránselles, o máis axiña posible, aos voceiros dos grupos municipais e aos concelleiros non adscritos, no seu caso, por medios electrónicos.

Malia o anterior, e cando a propia urxencia do asunto que hai que tratar non permita formular a moción por escrito e coa antelación establecida, poderase formular oralmente ante a Corporación.

As mocions poden ser individuais, as que presente un só grupo municipal ou un membro da Corporación, ou conxuntas, cando sexan asinadas por dous ou máis grupos ou concelleiros. Cada grupo ou concelleiro poderá presentar ata un máximo de tres mocions individuais por pleno. As mocions conxuntas non estarán suxeitas a límite.

De seren varias as mocions presentadas, e por distintos grupos políticos, trataranse en primeiro lugar as do grupo máis representativo en relación coa composición da Corporación e así sucesivamente ata concluír co grupo mixto e concelleiros non adscritos. Se varios grupos tivesen o mesmo número de concelleiros, darase preferencia á lista máis votada, e o mesmo no suposto dos concelleiros non adscritos.”

“Artigo 125. 2:

2 – Enténdese por moción non resolutiva, a proposta presentada por un ou varios grupos políticos, ou por un concelleiro, no seu caso, para que o pleno formule unha declaración ou manifieste a súa posición política en relación cun tema de interese municipal ou xeral, relativo ou non ás materias enumeradas nos artigos 25, 26 e 28 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Cando a moción sexa subscrita por todos os grupos municipais e concelleiros que compoñen a Corporación, a moción non resolutiva será cualificada como declaración institucional.”

“Artigo 125.4 parágrafo quinto:

Concluído o debate, o alcalde-presidente someterá a votación a moción presentada.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo está a prol das emendas, como non podería ser doutra maneira, dado que o que eles pretendían era que se acolleran as suxestións que se tiñan realizado por parte da Secretaría municipal, e iso é o que se fai basicamente, con algunha modificación moi puntual recóllense as propostas que se fixeron pola secretaria, polo que o seu voto vai ser a prol.

Sometidas a votación ordinaria as emendas presentadas polos grupos municipais do PSdeG-PSOE, UxC, EU, BNG e polo concelleiro de PdeC, tal e como foi transcrito, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, o concelleiro presente do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou as emendas realizadas ao ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 2 de abril de 2013, tal e como foron transcritas.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o grupo municipal do PP tamén tiña presentado un voto particular, rexistrado de entrada ao núm. 4230 o día 3 de abril de 2013, pero, tendo en conta o acordo adoptado, van retiralo, xa que o que pedían era que se adecuara a proposta ás suxestións feitas pola secretaria municipal.

A continuación, sométese a votación ordinaria o ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 2 de abril de 2013, coas modificacións anteriormente aprobadas. Votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC e os dous concelleiros do GM, e abstense o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por dezaoto votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación do Regulamento orgánico municipal respecto os artigos que se relacionan a continuación, e a inclusión dun novo artigo 17 bis, que quedarán redactados do teor literal seguinte:

Artigo 14: Engádese un novo parágrafo:

En particular, os concelleiros recibirán ao tomar posesión unha identificación oficial persoal e intransferible que os acredite como tales.

Artigo 16: Engádense dous novos apartados:

4. Co fin de facilitar aos concelleiros a información precisa para o desenvolvemento da súa función, e sen prexuízo do seu dereito a formular peticións de información concretas, o equipo de goberno remitirá no prazo de quince días, a contar dende a finalización de cada trimestre natural, informe detallado por escrito do estado da execución orzamentaria. O citado documento virá acompañado, así mesmo, de informe emitido da Intervención municipal sobre a súa realidade e certeza.

5. Así mesmo, e coa mesma periodicidade que no punto anterior, o alcalde facilitará aos diferentes grupos municipais, informe detallado sobre as actuacións levadas a cabo polos diferentes órganos colexiados supramunicipais, provinciais, autonómicos, etc., nos que o Concello de Cambre tivera representación. O citado informe será acompañado das actas de reunión ou xuntanzas que tiveran lugar.

Artigo 17: Modifícase o apartado 1 letras a) e d), e adiciónanse os apartados 3 e 4, quedando redactado do seguinte teor literal:

Artigo 17.

1 - A consulta e o exame concreto dos expedientes, libros e documentación en xeral rexerese polas seguintes normas:

a) A consulta xeral de calquera expediente ou antecedentes documentais poderase realizar, ben no arquivo xeral ou na dependencia onde se atope, ben mediante a entrega deles ou de copia ao membro da Corporación interesado para que os poida examinar no despacho ou salas reservadas aos membros da Corporación.

b) En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír da Casa do Concello, ou das correspondentes dependencias e oficinas locais.

c) A consulta dos libros das actas e mailos libros de resolucións do alcalde deberase efectuar no arquivo ou na Secretaría Xeral.

d) O exame de expedientes sometidos á sesión poderá facerse unicamente no lugar no que se atopen de manifesto a partir da convocatoria. Non obstante, entregarase aos voceiros dos grupos políticos integrantes da Corporación, unha carpeta que conterá copia da proposta e informe/s en que se fundamente esta, respecto dos asuntos incluídos na convocatoria, iso sen prexuízo de que o expediente completo estea a disposición de todos os membros da Corporación para o seu exame.

2 - No suposto da entrega previsto na alínea a) do número anterior, e para os efectos do oportuno control administrativo, o interesado deberá asinar un aviso de recibimento e terá a obriga de devolver o expediente ou documentación nun termo máximo de corenta e oito horas, ou antes, en función das necesidades do trámite en cuestión.

3 – O dereito a consulta inclúe o dereito a obter copia, entendendo por dereito á consulta tanto o acceso directo dos concelleiros á información previsto no apartado 3 do artigo anterior, como a autorización expresa ou presunta outorgada de conformidade co establecido no apartado 2 do mesmo artigo.

4 – Tratarase en todos os casos, e particularmente naqueles en que a documentación sexa voluminosa, de proceder o máis selectivamente posible de forma que, sen mingua do dereito á información de todos os concelleiros, só se reproduzan os documentos imprescindibles, debendo quedar constancia no departamento xestor do expediente, mediante a correspondente dilixencia

Artigo 17 bis: De nova redacción:

Os membros da Corporación terán dereito a participar en exercicio da súa función de control, previa solicitude, en todos cantos actos públicos ou privados se celebren no municipio e coa participación económica do Concello de Cambre.

Artigo 26.2: Modifícase o apartado 2 en canto ao período de ausencia, quedando redactado do seguinte teor literal:

2 - En todo caso, se se ausentasen do termo municipal por máis de oito días, deberán poñelo en coñecemento do señor Alcalde, facéndoo por escrito, ben persoalmente ou a través do voceiro do grupo político, concretando, en calquera caso, a duración previsible da ausencia.

Artigo 27: Engádese un inciso, quedando redactado:

Artigo 27.

Todos os concelleiros teñen a obriga de gardar reserva en relación coas informacións que lles sexan facilitadas para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que lles poida ser facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo. En todo caso, deberán respectar a confidencialidade da información a que teñen acceso, se o feito de publicalo pode prexudicar os intereses do concello ou de terceiros.

Artigo 44: Modifícase o apartado 1 letras p) e r) (versión lingua galega), letras ñ) e p) (versión castelán), respecto das competencias do alcalde en materia de contratación e adquisición de bens e dereitos.

Artigo 44.1 p)

As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Artigo 44.1 r)

A adxudicación de concesións sobre os seus bens e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

Artigo 46: Dáse unha nova redacción.

Artigo 46.

Para os efectos do control e fiscalización dos órganos do goberno por parte do Pleno, atribución prevista no artigo 22.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, dentro da primeira quincena de cada mes, remitirase ós voceiros dos grupos políticos municipais, extracto das Resolucións ditadas polo señor alcalde e os concelleiros con competencias delegadas durante o mes anterior, sen prexuízo de que tódolos concelleiros teñen o dereito a consultar, na Secretaría Xeral e en horario laboral, o Libro de Resolucións.

Artigo 63: Modifícase o apartado 1 letras o) e q) (versión lingua galega), letras n) e o) (versión castelán), respecto das competencias do Pleno en materia de contratación e adquisición de bens e dereitos.

Artigo 63.1 o)

As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no artigo 44.1 p) do presente regulamento, correspondente ás competencias do alcalde.

Artigo 63.1 q)

A adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

Artigo 89: Relativo á xunta de voceiros, dáse unha nova redacción ao parágrafo 2 a) e inclúese un novo apartado 3, segundo se transcribe a continuación:

Artigo 89.

2 - É un órgano de consulta e negociación política que ten por obxecto:

a) Informar sobre a orde do día antes da resolución do alcalde.

3 - A xunta de voceiros adoptará as súas decisións mediante voto ponderado

Artigo 91: Dáse unha nova redacción aos apartados 1 e 2, quedando redactado o artigo:

Artigo 91.

1 – A xunta de voceiros reunirse, con carácter obrigatorio, antes da celebración das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno.

No acordo do pleno de organización poderá determinarse a periodicidade das reunións con carácter ordinario, establecéndose se é o caso horas e días. Neste suposto non se requirirá convocatoria previa.

2 – Reunirse con carácter extraordinario cando así a convoque o alcalde, ben a iniciativa propia, ben a instancia dun grupo municipal, notificándose a resolución telefonicamente, por fax, ou por calquera outro medio electrónico acordado pola propia xunta.

Artigo 94: Suprímese o apartado 1; suprímese o parágrafo segundo do apartado 2 que quedará redactado como se transcribe a continuación e, como consecuencia da supresión do apartado 1, os apartados 2, 3 e 4 pasan a numerarse como apartados 1, 2 e 3.

Artigo 94.

1 - As sesións extraordinarias convócanse polo alcalde con tal carácter a iniciativa propia ou por pedimento da cuarta parte, cando menos, do número legal dos membros da Corporación, sen que ningún concelleiro poida solicitar máis de tres anualmente. Tal solicitude deberase facer por escrito no que se razoe o asunto ou asuntos que a motiven, asinado persoalmente por todos os concelleiros que a subscriben e acompañado de todos os documentos que sirvan de antecedentes para poder adoptar a proposta ou propostas de decisións que se formulen, e que deberán estar ao dispor dos concelleiros desde o momento da convocatoria.

No suposto de que a solicitude adolecese dalgún defecto de forma ou non estivese acompañada dos documentos aos que se fai referencia no epígrafe primeiro desta alínea, concederase un prazo de dous días para a emenda, e de non se cumprir, o alcalde deberá, no prazo dos catro días seguintes ao requirimento da emenda, dítar Resolución motivada pola que se efectúe ou se denegue a convocatoria.

Contra a denegación expresa da solicitude da convocatoria, poderán interpoñerse polos interesados os correspondentes recursos, sen prexuízo de que a Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma respectiva poidan facer uso das facultades ás

que se refire o artigo 65 da Lei 7/1985 do 2 de abril.

Artigo 96: Adiciónase un apartado 3.

3- O pleno celebrarase preferentemente no serán salvo en caso de extraordinaria urxencia, que terá que ser motivada na resolución da convocatoria

Artigo 99: Dáse unha nova redacción ao apartado 1.

1 - A orde do día das sesións será fixada polo alcalde asistido da Secretaría, e logo do informe consultivo da Xunta de Voceiros. Así mesmo, poderá recabar a asistencia dos membros da Xunta de Goberno Local.

Artigo 103: Dáse unha nova redacción ao apartado 3.

3- Durante o transcurso da sesión, a proposta do alcalde ou a instancia de calquera dos grupos municipais presentes, interromperase por un tempo non superior a dez minutos, co fin de permitir as deliberacións dos grupos por separado ou en conxunto sobre a cuestión debatida, ou para descanso dos debates. Cada grupo terá dereito a formular unha única interrupción por pleno.

Artigo 108: Dáse unha nova redacción aos apartados 1, 4 e 5:

“1 – A orde na que se deben tratar os asuntos é a seguinte:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ou sesións anteriores.

2. Parte resolutiva

2.1. Asuntos incluídos na orde do día, obxecto de ditame polas comisións informativas

2.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

3. Parte declarativa

3.1. Declaracións institucionais

3.2. Mocións dos grupos municipais

4. Parte de información, control e fiscalización

4.1. Informes do equipo de goberno

4.2. Rogos

4.3 Preguntas”

“4- En todo caso o alcalde respectará a orde do día do pleno sen realizar modificación ningunha, a menos que a súa petición neste sentido veña apoiada pola metade máis un, como mínimo, dos concelleiros presentes no pleno. O alcalde poderá retirar un asunto da orde do día cando a súa aprobación esixise unha maioría especial e esta non existise no momento de se constituír o pleno.”

“5 – Nas sesións ordinarias, concluso o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á parte declarativa, o presidente preguntará se algún grupo político ou membro da Corporación, no seu caso, desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba á convocatoria, relativo a algunha das atribucións que ten conferidas como propias

segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Se así fose, o voceiro do grupo ou membro da Corporación proponente xustificará a urxencia da moción e o pleno votará, acto seguido, sobre a procedencia do seu debate. Se o resultado da votación fose positivo, por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, seguirase o procedemento previsto no artigo 110 e seguintes deste Regulamento.

O disposto nesta alínea non será de aplicación, en ningún caso, ás mocions de censura, das que a súa tramitación, debate e votación se rexerán polo disposto no artigo 128 deste regulamento.”

Artigo 115: Modifícase o apartado 1, letra c), quedando redactado do teor literal seguinte:

“1 – c) Moción: Son mocions de urxencia as propostas que por iniciativa dos órganos de goberno municipal, de calquera dos grupos municipais, ou dun membro da Corporación, sométense directamente ao coñecemento, consideración e votación do Pleno nun asunto da súa competencia, segundo as atribucións que ten conferidas como propias en virtude do establecido no artigo 22 da Lei 7/1985 (artigo 63 do ROM). As mocions carecerán da eficacia precisa para a adopción inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade, posibilidade ou legalidade do acordo a adoptar.

Teñen tamén a consideración de mocions urxentes, aquelas propostas que teñan por obxecto o pronunciamento do Pleno sobre a necesidade de iniciar determinadas actuacións en asuntos da súa competencia. Neste suposto a moción, unha vez aprobada, servirá de resolución de incoación de oficio dun expediente que, trala súa instrución, se someterá á comisión informativa competente para que eleve o seu ditame á Corporación.

Para ser tratados requírese que o voceiro ou membro da Corporación proponente xustifique a urxencia e que o Pleno, por maioría absoluta, ratifique a declaración de urxencia e, polo tanto, a procedencia do seu debate.

As mocions formularanse mediante escrito dirixido ó Alcalde, e conterán unha parte expositiva ou xustificación, e proposta de acordo ou acordos que se deban adoptar.

Deberanse presentar no Rexistro de Entrada cunha antelación de tres días á sesión do Pleno onde se vaian tratar, e entregaránselles, o máis axiña posible, aos voceiros dos grupos municipais e aos concelleiros non adscritos, no seu caso, por medios electrónicos.

Malia o anterior, e cando a propia urxencia do asunto que hai que tratar non permita formular a moción por escrito e coa antelación establecida, poderase formular oralmente ante a Corporación.

As mocións poden ser individuais, as que presente un só grupo municipal ou un membro da Corporación, ou conxuntas, cando sexan asinadas por dous ou máis grupos ou concelleiros. Cada grupo ou concelleiro poderá presentar ata un máximo de tres mocións individuais por pleno. As mocións conxuntas non estarán suxeitas a límite.

De seren varias as mocións presentadas, e por distintos grupos políticos, trataranse en primeiro lugar as do grupo máis representativo en relación coa composición da Corporación e así sucesivamente ata concluír co grupo mixto e concelleiros non adscritos. Se varios grupos tivesen o mesmo número de concelleiros, darase preferencia á lista máis votada, e o mesmo no suposto dos concelleiros non adscritos.”

Artigo 115: Modifícase o apartado 1 f), parágrafos primeiro e cuarto, quedando redactado do teor literal seguinte:

f) Rogo: é a formulación dunha proposta de actuación dirixida ao alcalde ou algún dos membros da Xunta de Goberno Local, e poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación.

Poden formular rogos todos os membros da Corporación ou os grupos municipais a través dos seus voceiros.

Os rogos serán tratados na mesma sesión na que se formulen, sempre e cando se presenten por escrito no Rexistro de Entrada con dous días de antelación ao da realización da sesión ordinaria.

Cada grupo poderá presentar un máximo de tres rogos nun mesmo pleno ordinario, aínda que a xunta de voceiros poderá ampliar este número, tendo en conta que cada rogo formulado só poderá instar unha única proposta de actuación, non podendo acumularse nun mesmo rogo varias peticións. O así formulado entenderase como non presentado.

Artigo 115: Modifícase o apartado 1 g), parágrafo cuarto, que queda redactado:

Cada grupo poderá presentar un máximo de tres preguntas nun mesmo pleno ordinario. A xunta de voceiros poderá ampliar este número tendo en conta que cada pregunta só poderá conter unha única cuestión, non podendo acumularse nunha mesma pregunta varias cuestións. A así formulada entenderase como non presentada.

Artigo 115: Engádese un apartado 2:

2 – En caso de dúbida corresponde ao Pleno resolver sobre a cualificación das iniciativas presentadas polos grupos políticos.

Artigo 125: Modifícase o apartado 2 e o apartado 4 parágrafo quinto.

“2 – Enténdese por moción non resolutiva, a proposta presentada por un ou varios grupos políticos, ou por un concelleiro, no seu caso, para que o pleno formule unha declaración ou manifieste a súa posición política en relación cun tema de interese

municipal ou xeral, relativo ou non ás materias enumeradas nos artigos 25, 26 e 28 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

Cando a moción sexa subscripta por todos os grupos municipais e concelleiros que compoñen a Corporación, a moción non resolutiva será cualificada como declaración institucional.”

Apartado 4 parágrafo quinto:

Concluído o debate, o alcalde-presidente someterá a votación a moción presentada.

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentarse as reclamación ou suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do Regulamento orgánico municipal e publicarase o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art.70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, pregunta que pasa coa emenda que presentou o seu grupo.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que se explica moi facilmente, di que o problema é que as emendas se presentan sobre as modificacións que se teñan ditaminado nas comisións, e a emenda do BNG presentouse sobre un artigo que en ningún momento se ditaminou, por iso poderíase propoñer como unha modificación nova, pero non como unha emenda.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que de aí a abstención do seu grupo, e quere explicar simplemente e brevemente que a súa emenda era para que presidira o salón de plenos o escudo do Concello de Cambre, e non o retrato do xefe de Estado, pero xa ven que recorren a un argumento legalista para non tratala.

3º Proposta de aprobación da Relación de postos de traballo e da correspondente modificación do cadro de persoal

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación de data 22 de marzo de 2013, que consta da seguinte parte dispositiva:

“**Primeiro:** Aprobar a modificación da Relación de Postos de Traballo tal e como se ditaminou favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda en sesión celebrada do 12 de marzo de 2013, e que a continuación se transcribe literalmente:

Primeiro: Modificar a relación de postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012, segundo se transcribe a continuación:

1º Transformación do posto de traballo de “auxiliar de Alcaldía” nun posto máis de “auxiliar administrativo”, o que implica a desaparición da ficha daquel e a modificación da ficha deste para incrementar de 25 a 26 postos homoxéneos, e en un máis os postos adscritos á Secretaría xeral, pasando de 8 a 9 postos de auxiliares que esta área ten adscritos.

2º Modificación da denominación do posto de “conductor de Alcaldía” pola de “operario parque móbil e inmobles” acorde coas súas novas funcións e redución do seu complemento específico a 3.644,63 euros anuais ao suprimirse deste posto a dispoñibilidade horaria fóra da xornada habitual de traballo que antes se lle esixía.

3º Modificar todas as fichas dos postos de traballo dos laborais fixos para indicar que se encontran en proceso de funcionarización e para engadir a clasificación funcional correspondente, a excepción dos postos de traballo de “coordinador deportivo”, “capataz de brigada de obras” e “operario de servizos” que por estar vacantes non precisan de funcionarización, substituíndose na ficha o seu réxime laboral polo funcional.

4º Modificar a formación específica do posto de traballo de “técnico de servizos” para recoller só a titulación de enxeñeiro técnico industrial, cambiando igualmente a súa denominación por esta de “enxeñeiro técnico industrial” máis acorde ao posto de traballo en cuestión.

5º Desdobrar a ficha das dúas técnicas de xestión de administración xeral que antes tiñan funcións comúns co fin de crear dúas fichas independentes para cada unha destas técnicas, que especifiquen concretamente as funcións que levan a cabo cada unha delas, e, en canto ás funcións concernentes á contratación administrativa, inclúese na ficha a expresión “Responsable de contratación administrativa”, quedando a descrición identificativa de cada ficha como se transcribe a continuación:

A) DENOMINACIÓN DO POSTO: Técnico de xestión de administración xeral.

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Responsable de contratación administrativa. Tramitación dos expedientes de contratación administrativa, incluíndo tanto a ordenación como a instrución e o seu seguimento. Relacións coa intervención municipal e os técnicos responsables nas contratacións administrativas. Mesas de Contratación. Funcións de apoio e xestión encomendadas pola secretaria xeral e aquelas que por delegación desta lle sexan conferidas.

B) DENOMINACIÓN DO POSTO: Técnico de xestión de administración xeral.

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Patrimonio. Xestión do inventario de bens. Adquisicións e alleamentos de bens. Responsabilidade patrimonial. Servizos públicos de taxis e cemiterios. Funcións de apoio e xestión encomendadas pola secretaria xeral e aquelas que por delegación desta lle sexan conferidas.

6º Modificar o complemento de destino da ficha correspondente ao posto de técnico de xestión de administración xeral, como consecuencia de incluír na ficha que será responsable de contratación, e que pasará do nivel 24 ao nivel 26, o que supón un incremento do 6.995,04 euros a 8.378,40 euros.

7º Modificar a ficha da Secretaría Xeral para eliminar o termo “responsable de contratación”, quedando redactada a descrición identificativa da ficha como se transcribe a continuación:

DENOMINACIÓN DO POSTO: Secretaria xeral

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Xefa da Secretaria Xeral do concello. Responsable do asesoramento legal preceptivo, en contratación administrativa e fe pública. Responsable do

patrimonio municipal e estatística. Servizos públicos de taxis e cemiterios. Dirección e supervisión do persoal adscrito.

Segundo: Aprobar a relación de postos para o ano 2013 segundo se transcribe a continuación:

Código	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Especifico	T.P.	F.P.	A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers. Laboral	T.A.	Formación Específica	Observacións
SECRETARIA XERAL															
AL151700001	Secretaría Xeral	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L	1	D.D.H.
AL151700015	Técnico de xestión de administración xeral	1	26	10.395,13	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.		
AL151700015	Técnico de xestión de administración xeral	1	24	10.395,13	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.		
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
AL151700029	Auxiliar administrativo	9	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700034	Conserxe notificador	1	14	4.985,65	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
		14													
INTERVENCION															
AL151700002	Interventor	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L	2	D.D.H.
AL151700054	Téc.de xestión orzamentaria e contabilidade	1	24	10.395,13	N	C		A/1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D	3,11	
AL151700055	Téc.de xestión orzamentaria de lng.e control F.	1	24	10.395,13	N	C		A/1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	D.	3,11	
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C1		C	A.G.	Administrativa		NO	B*		
AL151700029	Auxiliar administrativo	2	18	4.312,70	N	C2	A3	D	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
		6													
TESOURERIA															
AL151700003	Tesoureiro	1	28	16.640,79	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L	2	
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
		2													
URBANISMO E REXIME INTERIOR															
AL151700004	Xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	22.024,50	S	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	D.D.H.
AL151700005	Xefe de sección de planeamento e xestión	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	4	D.D.H.
AL151700006	Xefe de sección de servizos	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	5	D.D.H.
AL151700011	Aparellador	1	26	14.731,78	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	8	D.D.H.
AL151700012	Enxeñeiro Técnico Industrial	1	24	10.354,58	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	9	D.D.H.
AL151700058	Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.354,58	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	22	D.D.H.
AL151700013	Xefe de unidade de réxime interior	1	26	14.731,78	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	14	D.D.H.
AL151700007	Técnico de administración Xeral	1	25	14.663,74	N	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3	
AL151700042	Administrador sistema informático	1	22	5.762,47	N	C		C1	A.E.	Técnica	Auxiliares	SI/NO	FPII	17	D.D.H., Funcionarización
AL151700020	Encargado de obras	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		
AL151700021	Encargado de servizos	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		
AL151700022	Delineante	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FPII	16	D.D.H.
AL151700025	Administrativo	3	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
AL151700029	Auxiliar administrativo	7	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700030	Auxiliar réxime interior	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		
AL151700058	Informático auxiliar	1	16	4.929,51	N	C		C2	A.E.	Técnica	Auxiliares	SI/NO	CS	23	Funcionarización
AL151700046	Capataz de Brigada de Obras	1	14	13.947,44	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	NO	C		D.D.H.
AL151700036	Conserxe telefonista	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
AL151700037	Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
AL151700047	Oficial de obras	1	14	4.117,77	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C		Funcionarización
AL151700049	Operario parque móbil e inmobles	1	14	3.644,63	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C	19	D.D.H.Funcionarización
AL151700048	Operario condutor	2	14	3.644,63	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C	19	Funcionarización
AL151700050	Operario servizos múltiples	1	12	3.488,13	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	NO	C		
AL151700050	Operario servizos múltiples	2	12	3.488,13	N	C		A.P.	A.E.	Ser.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C		Funcionarización
		34													
POLICÍA LOCAL															
AL151700019	Inspector policía local	1	22	13.851,24	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	D.		D.D.H.
AL151700026	Oficial policía local	3	18	13.244,27	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
AL151700027	Policía local	21	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
AL151700053	Coordinador de Protección Civil	1	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*		D.D.H.
AL151700029	Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700062	Agente protección civil	4	14	6.443,50	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		D.D.H.
		31													

SERVICIOS SOCIAIS															
AL151700010	Coordinador servizos sociais	1	26	12.189,52	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L	7	D.D.H.
AL151700018	Educador social	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12	D.D.H.
AL151700018	Educador social	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12	D.D.H.
AL151700041	Traballadora social	3	24	5.602,91	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	SI/NO	D.	15	Funcionarización
AL151700029	Auxiliar administrativo	2	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700045	Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	3.645,90	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	G*		Funcionarización
AL151700051	Traballadora familiar	2	12	2.627,52	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	C		Funcionarización
		11													
CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE															
AL151700008	Coordinador de actividades culturais e educativas	1	26	12.189,52	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L		D.D.H.
AL151700009	Bibliotecaria arquivista	1	25	15.654,65	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6	D.D.H.
AL151700017	Dinamizador cultural	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	D.		D.D.H.
AL151700043	Coordinador deportivo	1	22	6.547,10	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*	18	D.D.H.
AL151700023	Animador xuvenil	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		D.D.H.
AL151700024	Animador deportivo	2	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*		D.D.H.
AL151700029	Auxiliar administrativo	4	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700031	Auxiliar de turismo	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*		D.D.H.
AL151700044	Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	3.465,90	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	G*		Funcionarización
AL151700057	Informador xuvenil	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*	21	D.D.H.
AL151700033	Conserxe instalacións deportivas	8	14	7.102,81	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		J.N.
AL151700035	Conserxe de colexios públicos	3	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
AL151700037	Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
		31													
EMPREGO															
AL151700038	Responsable axencia de desenvolvemento local	1	26	12.434,97	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L		D.D.H. Funcionarización
AL151700039	Agente desenvolvemento local	1	25	9.005,54	N	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L	3,7,10,11	D.D.H. Funcionarización
AL151700040	Técnico en promoción económica	1	25	9.005,54	N	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L	3,10,11	D.D.H. Funcionarización
AL151700029	Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700037	Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		AP	A.G.	Subalterno		NO	C		
		5													
ALCALDÍA															
AL151700061	Asesor/a	1	25	14.663,74	E	I		A1					L		
AL151700061	Asesor/a	1	24	7.096,48	E	I		A2					L/D		
		2													
		136													

Segundo: Aprobar os modificados no cadro de persoal que a continuación se relacionan:

- Substitución do réxime laboral polo de funcional nas tres prazas do cadro de persoal vacantes, é dicir, na de coordinador deportivo, capataz da brigada de obras e un operario de servizos, pasando pois da relación de persoal laboral ao de persoal funcionario.
- Cambio da denominación da praza de réxime laboral de “conductor” pola de “operario conductor” pasando polo tanto o número destas de dous a tres prazas.
- Inclusión en todas as prazas de réxime laboral da observación de que se atopan en proceso de funcionarización.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 2 de abril de 2013.

Visto o voto particular do grupo municipal de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 4236 o día 3 de abril de 2013, no que se solicita:

“Suprimir o punto 6 do apartado primeiro relativo a “*Modificar o complemento de*

destino da ficha correspondente ao posto de técnico de xestión de administración xeral, como consecuencia de incluír na ficha que será responsable de contratación, e que pasará do nivel 24 ao nivel 26, o que supón un incremento de 6995,04 euros a 8378,40 euros". Isto con base no compromiso de chegar a un acordo para a valoración de todos os postos de traballo para o día 15 de maio de 2013."

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que simplemente quere explicar un pouco a proposta, para que os veciños se enteren do que están falando. Di que do que trata a proposta é de cambiar a relación de postos de traballo, facer unha serie de modificacións, aínda que non as vai explicar unha por unha, porque xa se fixo na sesión plenaria dos orzamentos. Nese momento retirouse a proposta debido á non aprobación dos orzamentos e, en consecuencia, tampouco se puido aprobar o cadro de persoal. Agora o que fan é traer a mesma proposta de modificación da relación de postos de traballo e incluír unha modificación do cadro de persoal que actualmente teñen vixente, simplemente iso.

Conclúe dicindo que, fronte ao ditame da Comisión Informativa, hai un voto particular do grupo municipal de UxC.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, dá lectura ao voto particular presentado, que consta do seguinte teor literal:

"Visto o ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de 2 de abril de 2013, respecto do punto de 'Aprobación da relación de postos de traballo', o grupo municipal de Unión por Cambre presenta o seguinte voto particular de modificación do ditame:

Xustificación:

Segundo o informe do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior:

'No ano 2013 as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento...

A regra xeral ten unha excepción, as adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo...

A ficha do técnico de xestión de administración xeral responsable de contratación para o ano 2013 non observa que haxa ningunha alteración no seu contido que xustifique o complemento de destino, é máis se lle quitan as funcións de responsabilidade patrimonial que co desdoblamento en dúas fichas pasan a ser desempeñadas por outra técnico do departamento de Secretaría'

Segundo as manifestacións do concelleiro delegado na comisión do 2 de abril, a xustificación do incremento vén motivada pola carga de traballo a determinar nun futuro, se verá no futuro se se lle atribúen unhas novas funcións.

Dado que a aprobación da RPT é para o ano 2013, das manifestacións do concelleiro delegado conclúese que o incremento que corresponda deberá determinarse cando se lle atribúan esas novas funcións polo que non está xustificado.

Formúlase o seguinte voto particular:

Suprimir o punto 6 do apartado primeiro relativo a 'Modificar o complemento de destino da ficha correspondente ao posto de técnico de xestión de administración xeral, como consecuencia de incluír na ficha que será responsable de contratación, e que pasará do nivel 24 ao nivel 26, o que supón un incremento de 6995,04 euros a 8378,40 euros'. Isto con base no compromiso de chegar a un acordo para a valoración de todos os postos de traballo para o día 15 de maio de 2013.'

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta, simplemente por xustificar a postura do goberno á hora de traer esta proposta, que eles xa explicaron este asunto o martes nas comisións informativas, e non é exactamente o que está dicindo o voceiro de UxC, eles non dixeron exactamente iso, eles non dixeron que as tarefas llelas foran a atribuír nun futurible, as tarefas estanllas a atribuír agora, coa votación que van facer.

Evidentemente, se está xustificada unha carga de traballo, deberán facer unha valoración a priori, simplemente é unha cuestión de interpretación. Eles cren que lle están atribuíndo a un funcionario desta casa unha responsabilidade moi importante, exclusivamente toda a contratación pública do concello, a eles parécelles unha responsabilidade moi relevante e, polo tanto, está xustificado o incremento de soldo, un incremento de soldo que son 1300 ou 1400 euros, aproximadamente, ao ano, ou sexa, que non é un incremento salarial descomunal. Parécelle xusto, e cre que calquera persoa podería entender que, se na súa empresa ou no seu traballo se lle asignan máis responsabilidade, habería que darlle tamén unha maior retribución.

Continúa dicindo que a proposta que eles acollen, nin sequera é unha proposta do goberno, é unha proposta que fan dous dos sindicatos que están representados na mesa de negociación, valla dicir que non son os sindicatos maioritarios, pero é unha proposta que lles fan a eles dous dos tres sindicatos que están representados nesa mesa de negociación, como así consta tamén na acta da sesión. O goberno acolle a proposta, porque lles parece xusta, é máis, parécelles insuficiente, pero para non xerar agravios comparativos, precisamente o que fan é modificar o complemento de destino e non modificar o complemento específico, iso déixanlo para a valoración dos postos de traballo, a negociación colectiva que están facendo con todos os sindicatos. Di que é o único obxectivo.

Conclúe dicindo que o equipo de goberno discrepa do voto particular, evidentemente é unha cuestión de interpretación, de interpretación dun futurible, claro está, pero as funcións estanllas atribuíndo agora. Hai un técnico que interpreta unha cousa, eles interpretan outra, eles interpretan que unha persoa á que se lle atribúe máis responsabilidade, xa non falan tanto de carga de traballo, senón de máis responsabilidade, é de toda xustiza que estea mellor retribuída. Esa é a súa interpretación, pero agora o Pleno, que é o que ten que aprobar a proposta, decidirá unha cousa ou outra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que están de acordo en que é un tema de interpretación, están totalmente de acordo, e tamén o están en que é de xustiza que cando se incrementa o traballo a unha persoa, ou polo

menos a responsabilidade, que a retribución sexa maior, pero di que é un agravio comparativo facelo cun único posto de traballo e non co resto, porque xusto neste momento, están revisando as fichas de todos os funcionarios do concello, e só se fai nunha, sobre todo tendo en conta o compromiso que ten o concelleiro delegado cos sindicatos de que en maio terán revisadas todas as fichas. Polo tanto, están en abril, para maio queda un mes, e el cre que non é necesario ese agravio comparativo, facelo só a unha persoa cando se están revisando todas as fichas. Loxicamente é un tema de interpretación.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo vai votar a prol do voto particular.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que van votar a prol do voto particular, iso tendo en conta que o sentido do voto particular que presenta UxC é coincidente co informe do xefe da área de Réxime Interior, que considera que non existe ningunha modificación no contido do posto de traballo que xustifique o dito incremento, polo tanto, apoian o voto particular.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que vai votar a prol do voto particular presentado por UxC e manifestar, simplemente, que aquí se acaba de falar neste pleno da acta dunha mesa de negociación e el quixera saber se esa acta foi xa aprobada, ou non foi aprobada.

Don Felipe Andreu Barallobre di que se lle deixa, que llo explica, se quere dálle unha explicación. Di que nesa acta o que acordaron é que, co obxecto de que se puidera elaborar o certificado, cada unha das partes elaborara un texto que quería que constara na acta. Cada unha das partes, de forma escrita, tanto a patronal como cada un dos sindicatos, remitiulle ao secretario da mesa, por escrito, o que quería que constara. A acta non está aprobada, pero si que está remitido o escrito, e o secretario pode certificar perfectamente.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que, entón, aínda non hai unha acta asinada.

Don Felipe Andreu Barallobre explica que o que está incorporado ao expediente é un extracto, é un certificado da acta, un certificado do que ocorreu nesa reunión, a acta non está aprobada.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que el o di porque igual hai algún representante sindical que non acaba de estar de acordo coa versión que está dando o Sr. concelleiro neste pleno. Pregúntalle se non ten coñecemento diso. En tal caso, como pauta procedimental, e dándolle a razón no punto anterior, efectivamente quizais non hai que ser tan exquisitos nunhas cousas cando non se pode ser noutras, é unha suxestión que lles fai, e nese sentido tempo terán de comprobar se realmente a información que trouxo o Sr. concelleiro, ás pasadas comisións informativas e a este pleno, é corroborada polos diversos representantes sindicais, e non hai ningún tipo de espazo nin de veledade á mentira ou á falsidade nas súas palabras.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta

que se vai abster.

Sometido a votación ordinaria o voto particular presentado polo grupo municipal de UxC, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e o concelleiro presente do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM (PGD), e abstense don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM (PdeC).

A Corporación, por dez votos a prol, acordou suprimir o punto 6 do apartado primeiro relativo a *“Modificar o complemento de destino da ficha correspondente ao posto de técnico de xestión de administración xeral, como consecuencia de incluír na ficha que será responsable de contratación, e que pasará do nivel 24 ao nivel 26, o que supón un incremento de 6995,04 euros a 8378,40 euros”*.

A continuación, sométese a votación ordinaria o ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 2 de abril de 2013, coa modificación introducida polo voto particular aprobado. Votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, o concelleiro presente do BNG e don Manuel Marante Gómez, concelleiro integrante do GM (PGD), e abstéñense os dous concelleiros de EU e don José Antonio Baamonde López, concelleiro integrante do GM (PdeC).

A Corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

“Primeiro: Aprobar a modificación da Relación de Postos de Traballo tal e como se ditaminou favorablemente pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda en sesión celebrada do 12 de marzo de 2013, e que a continuación se transcribe literalmente:

Primeiro: Modificar a relación de postos de traballo aprobada polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria do día 26 de xaneiro de 2012, segundo se transcribe a continuación:

1º Transformación do posto de traballo de “auxiliar de Alcaldía” nun posto máis de “auxiliar administrativo”, o que implica a desaparición da ficha daquel e a modificación da ficha deste para incrementar de 25 a 26 postos homoxéneos, e en un máis os postos adscritos á Secretaría xeral, pasando de 8 a 9 postos de auxiliares que esta área ten adscritos.

2º Modificación da denominación do posto de “conductor de Alcaldía” pola de “operario parque móbil e inmobles” acorde coas súas novas funcións e redución do seu complemento específico a 3.644,63 euros anuais ao suprimirse deste posto a dispoñibilidade horaria fóra da xornada habitual de traballo que antes se lle esixía.

3º Modificar todas as fichas dos postos de traballo dos laborais fixos para indicar que se encontran en proceso de funcionarización e para engadir a clasificación funcional correspondente, a excepción dos postos de traballo de “coordinador deportivo”, “capataz de brigada de obras” e “operario de servizos” que por estar vacantes non precisan de funcionarización, substituíndose na ficha o seu réxime laboral polo funcional.

4º Modificar a formación específica do posto de traballo de “técnico de servizos” para recoller só a titulación de enxeñeiro técnico industrial, cambiando igualmente a súa denominación por esta de “enxeñeiro técnico industrial” máis acorde ao posto de traballo en cuestión.

5º Desdobrar a ficha das dúas técnicas de xestión de administración xeral que antes tiñan funcións comúns co fin de crear dúas fichas independentes para cada unha destas técnicas, que especifiquen concretamente as funcións que levan a cabo cada unha delas, e, en canto ás funcións concernentes á contratación administrativa, inclúese na ficha a expresión “Responsable de contratación administrativa”, quedando a descrición identificativa de cada ficha como se transcribe a continuación:

A) DENOMINACIÓN DO POSTO: Técnico de xestión de administración xeral.

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Responsable de contratación administrativa. Tramitación dos expedientes de contratación administrativa, incluíndo tanto a ordenación como a instrución e o seu seguimento. Relacións coa intervención municipal e os técnicos responsables nas contratacións administrativas. Mesas de Contratación. Funcións de apoio e xestión encomendadas pola secretaria xeral e aquelas que por delegación desta lle sexan conferidas.

B) DENOMINACIÓN DO POSTO: Técnico de xestión de administración xeral.

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Patrimonio. Xestión do inventario de bens. Adquisicións e alleamentos de bens. Responsabilidade patrimonial. Servizos públicos de taxis e cemiterios. Funcións de apoio e xestión encomendadas pola secretaria xeral e aquelas que por delegación desta lle sexan conferidas.

6º Modificar a ficha da Secretaría Xeral para eliminar o termo “responsable de contratación”, quedando redactada a descrición identificativa da ficha como se transcribe a continuación:

DENOMINACIÓN DO POSTO: Secretaria xeral

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Xefa da Secretaria Xeral do concello. Responsable do asesoramento legal preceptivo, en contratación administrativa e fe pública. Responsable do patrimonio municipal e estatística. Servizos públicos de taxis e cemiterios. Dirección e supervisión do persoal adscrito.

Segundo: Aprobar a relación de postos para o ano 2013 segundo se transcribe a continuación:

Código	Denominación do posto	Dot.	C.D.	C. Especifico	T.P.	F.P.	A.	SUBG	Escala	Subescala	Clase	Pers. Laboral	T.A.	Formación Específica	Observacións
SECRETARIA XERAL															
AL151700001	Secretaria Xeral	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Secretario	Superior	NO	L	1	D.D.H.
AL151700015	Técnico de xestión de administración xeral	1	24	10.395,13	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.		
AL151700015	Técnico de xestión de administración xeral	1	24	10.395,13	N	C		A2	A.G.	Xestión		NO	D.		
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*		
AL151700029	Auxiliar administrativo	9	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700034	Conserxe notificador	1	14	4.985,65	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C		
		14													
INTERVENCION															
AL151700002	Interventor	1	30	22.535,22	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesourería	Superior	NO	L	2	D.D.H.
AL151700054	Téc.de xestión orzamentaria e contabilidade	1	24	10.395,13	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	L/D	3,11	
AL151700055	Téc.de xestión orzamentaria de lng.e control F.	1	24	10.395,13	N	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Téc.Medios/S	NO	D.	3,11	
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C1		C	A.G.	Administrativa		NO	B*		
AL151700029	Auxiliar administrativo	2	18	4.312,70	N	C2	A3	D	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
		6													

TESOURERIA														
AL151700003	Tesoureiro	1	28	16.640,79	S	C		A1	H.E.	Interv./Tesoureria	Superior	NO	L	2
AL151700025	Administrativo	1	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*	
		2												
URBANISMO E REXIME INTERIOR														
AL151700004	Xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior	1	30	22.024,50	S	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3 D.D.H.
AL151700005	Xefe de sección de planeamento e xestión	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	4 D.D.H.
AL151700006	Xefe de sección de servizos	1	28	16.960,28	S	C		A1	A.E.	Técnica	Tec.Superiores	NO	L	5 D.D.H.
AL151700011	Aparellador	1	26	14.731,78	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	8 D.D.H.
AL151700012	Enxeñeiro Técnico Industrial	1	24	10.354,58	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	9 D.D.H.
AL151700058	Enxeñeiro técnico en obras públicas	1	24	10.354,58	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	22 D.D.H.
AL151700013	Xefe de unidade de réxime interior	1	26	14.731,78	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	14 D.D.H.
AL151700007	Técnico de administración Xeral	1	25	14.663,74	N	C		A1	A.G.	Técnica		NO	L	3
AL151700042	Administrador sistema informático	1	22	5.762,47	N	C		C1	A.E.	Técnica	Auxiliares	SI/NO	FP/II	17 D.D.H., Funcionarización
AL151700020	Encargado de obras	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*	
AL151700021	Encargado de servizos	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*	
AL151700022	Delinante	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Técnicos	Auxiliares	NO	FP/II	16 D.D.H.
AL151700025	Administrativo	3	22	4.822,42	N	C		C1	A.G.	Administrativa		NO	B*	
AL151700029	Auxiliar administrativo	7	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*	
AL151700030	Auxiliar réxime interior	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*	
AL151700058	Informático auxiliar	1	16	4.929,51	N	C		C2	A.E.	Técnica	Auxiliares	SI/NO	CS	23 Funcionarización
AL151700046	Capataz de Brigada de Obras	1	14	13.947,44	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Persoal oficios	NO	C	D.D.H.
AL151700036	Conserxe telefonista	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C	
AL151700037	Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C	
AL151700047	Oficial de obras	1	14	4.117,77	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C	Funcionarización
AL151700049	Operario parque móbil e inmobles	1	14	3.644,63	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C	19 D.D.H.Funcionarización
AL151700048	Operario condutor	2	14	3.644,63	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C	19 Funcionarización
AL151700050	Operario servizos múltiples	1	12	3.488,13	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Persoal oficios	NO	C	
AL151700050	Operario servizos múltiples	2	12	3.488,13	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Persoal oficios	SI/NO	C	Funcionarización
		34												
POLICÍA LOCAL														
AL151700019	Inspector policía local	1	22	13.851,24	S	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	D.	D.D.H.
AL151700026	Oficial policía local	3	18	13.244,27	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*	D.D.H.
AL151700027	Policía local	21	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*	D.D.H.
AL151700053	Coordinador de Protección Civil	1	16	12.763,10	S	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Policía Local	NO	B*	D.D.H.
AL151700029	Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*	
AL151700062	Agente protección civil	4	14	6.443,50	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*	D.D.H.
		31												
SERVIZOS SOCIAIS														
AL151700010	Coordinador servizos sociais	1	26	12.189,52	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L	7 D.D.H.
AL151700018	Educador social	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12 D.D.H.
AL151700018	Educador social	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	NO	D.	12 D.D.H.
AL151700041	Traballadora social	3	24	5.602,91	S	C		A2	A.E.	Técnica	Tec.Medios	SI/NO	D.	15 Funcionarización
AL151700029	Auxiliar administrativo	2	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*	
AL151700045	Auxiliar monitora da 3ª idade	1	18	3.645,90	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	G*	Funcionarización
AL151700051	Traballadora familiar	2	12	2.627,52	N	C		A.P.	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	C	Funcionarización
		11												
CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTE														
AL151700008	Coordinador de actividades culturais e educativas	1	26	12.189,52	S	C		A1/A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	L	D.D.H.
AL151700009	Biblioteca arquivista	1	25	15.654,65	S	C		A1/A2	A.E.	Técnica	Superior/Media	NO	L/D	6 D.D.H.
AL151700017	Dinamizador cultural	1	24	6.855,80	N	C		A2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	D.	D.D.H.
AL151700043	Coordinador deportivo	1	22	6.547,10	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*	18 D.D.H.
AL151700023	Animador xuvenil	1	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*	D.D.H.
AL151700024	Animador deportivo	2	22	6.144,35	N	C		C1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	B*	D.D.H.
AL151700029	Auxiliar administrativo	4	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*	
AL151700031	Auxiliar de turismo	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*	D.D.H.
AL151700044	Auxiliar de biblioteca-arquivo	6	18	3.465,90	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	G*	Funcionarización
AL151700057	Informador xuvenil	1	18	4.312,70	N	C		C2	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	NO	G*	21 D.D.H.
AL151700033	Conserxe instalacións deportivas	8	14	7.102,81	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C	J.N.
AL151700035	Conserxe de colexios públicos	3	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C	
AL151700037	Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		A.P.	A.G.	Subalterno		NO	C	
		31												

EMPREGO															
AL151700038	Responsable axencia de desenvolvemento local	1	26	12.434,97	S	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L		D.D.H. Funcionarización
AL151700039	Agente desenvolvemento local	1	25	9.005,54	N	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L	3,7,10,11	D.D.H. Funcionarización
AL151700040	Técnico en promoción económica	1	25	9.005,54	N	C		A1	A.E.	Serv.Especiais	Comet.Especiais	SI/NO	L	3,10,11	D.D.H. Funcionarización
AL151700029	Auxiliar administrativo	1	18	4.312,70	N	C	A3	C2	A.G.	Auxiliar		NO	G*		
AL151700037	Conserxe	1	14	3.514,39	N	C		AP	A.G.	Subalterno		NO	C		
		5													
ALCALDÍA															
AL151700061	Asesor/a	1	25	14.663,74	E	I		A1					L		
AL151700061	Asesor/a	1	24	7.096,48	E	I		A2					L/D		
		2													
		136													

Segundo: Aprobar os modificados no cadro de persoal que a continuación se relacionan:

- Substitución do réxime laboral polo de funcional nas tres prazas do cadro de persoal vacantes, é dicir, na de coordinador deportivo, capataz da brigada de obras e un operario de servizos, pasando pois da relación de persoal laboral ao de persoal funcionario.
- Cambio da denominación da praza de réxime laboral de “conductor” pola de “operario conductor” pasando polo tanto o número destas de dous a tres prazas.
- Inclusión en todas as prazas de réxime laboral da observación de que se atopan en proceso de funcionarización.”

4º Proposta de adhesión ao Convenio para a creación dun Fondo Social de Vivendas (FSV)

Vista a proposta da Alcaldía de data 26 de marzo de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 2 de abril de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que o que se trae hoxe a pleno é a aprobación, se procede, da creación dun fondo social de vivendas. A adhesión a este convenio supón poder ter a disposición vivendas de entidades de crédito e destinalas a vivenda habitual por un aluguer fixado en función dos ingresos, de entre 150 e 400 euros. É unha forma de poder axudar a persoas empadroadas en Cambre que se atopan nunha situación de desafuzamento, que teñan dificultades sociais e económicas e que non poidan pagar unha vivenda de aluguer. Trátase de que poidan gozar dos mesmos dereitos que o resto de cidadáns.

Por outra parte, e aínda que o que se vai tratar hoxe aquí é a adhesión ao convenio, tamén quere anunciar que dende a Concellería de Asuntos Sociais, e a través do Consorcio das Mariñas, están traballando, xa dende o mes de xaneiro, para poñer en marcha unha comisión de desafuzamentos e acompañamento profesional ás persoas afectadas por un desafuzamento. É algo no que se está traballando e supón que para o mes que vén xa estará preparado para facérllelo chegar.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta

que aínda que consideran este convenio bastante curto nos seus obxectivos, tendo en conta a gran cantidade de persoas e familias que se viron prexudicadas pola execución de desafiuzamentos por falta de pagamento das hipotecas que tiñan contraídas, entenden que este é un primeiro paso.

Así mesmo, aínda que no convenio se establecen bastantes obrigacións aos concellos, e poucos dereitos á hora de poder favorecer que máis familias poidan ter acceso a ese tipo de vivendas que se poñen a disposición por parte das entidades financeiras, hai unha serie de obrigacións que entenden que tamén poden intentar mellorar dende o concello. Di que se refire, en concreto, ao que se establece na cláusula quinta, apartado 4, no sentido de que se poden subscribir acordos de colaboración coas entidades de crédito por parte dos concellos, neste caso por parte do Concello de Cambre, para realizar a avaliación dos beneficiarios. Considera que este é un paso importante, porque entre outras cousas o que non ten sentido é que o concello faga o traballo de facilitarlles a documentación ás entidades financeiras, e que sexan as propias entidades financeiras as que fagan a avaliación. Entende que o concello ten a responsabilidade de facer a avaliación, e facela chegar, en todo caso, ás entidades financeiras.

Outra obrigación que se lle impón aos concellos é a establecida na cláusula sétima, letra d), que é a de difundir e informar aos veciños sobre este convenio. Polo que están vendo tivo moi pouca difusión, os veciños tiveron pouca información sobre isto, e cren que é necesario un esforzo por parte do goberno para facer chegar á maior cantidade de xente posible, aos veciños afectados por esta triste situación, esta posibilidade de acollerse ao convenio.

Entenden que o parque de vivendas que se pon a disposición en Cambre é 1, e parécelles absolutamente irrisorio, nese sentido tamén hai que facer un traballo coas entidades financeiras para que se comprometan a incrementar o parque de vivendas a disposición, de tal forma que poidan acoller e axudar á maior cantidade de veciños posible. Conclúe dicindo que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que está totalmente de acordo co voceiro do PSdeG-PSOE na maior parte da exposición que fixo. Di que si que lle van dar difusión ao convenio, e a través da comisión que se vai crear no Consorcio das Mariñas, é onde se vai traballar en firme, xa directamente cos veciños.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que, en primeiro lugar, quixera dicir que parece ser que agora hai uns contactos co Consorcio das Mariñas para conxuntamente afrontar un tema tan delicado e tan espiñento como é o tema dos desafiuzamentos.

El quere lembrar que hai bastante tempo presentaron unha iniciativa neste pleno para crear unha comisión, e houbo moitos problemas para facelo, non os hai agora para crear esa comisión dentro do ámbito do Consorcio das Mariñas. Ignóranse as propostas dos grupos deste concello e agora, e non é que lle pareza mal, están intentando mediar co Consorcio das Mariñas.

Ante un problema tan importante o seu grupo está convencido de que é unha

obligación das administracións, concretamente dos concellos, que son as administracións máis próximas aos veciños, defender os seus intereses, hai que intentar por todos os medios contribuír a paliar a situación que están sufrindo moitísimas familias, non só deste concello, senón de todo o ámbito. Cre que é necesario traballar no problema dos desafiuzamentos, e dende EU defenden que se este convenio, proposto pola FEMP, contribúe aínda que só sexa a que unha familia de Cambre poida evitar o risco de exclusión, para eles xa está xustifico aprobado o documento, polo tanto van votar a prol.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu grupo ten unha postura crítica con este documento, con esta iniciativa, porque hai que explicar moi ben do que están falando. Están falando dunha iniciativa que xurde do goberno estatal e da patronal dos bancos, os mesmos bancos que desafiuzan e poñen na rúa a moita xente, realizan esta operación cosmética, esta operación de lavado de imaxe co seu excedente de vivendas, para poñelos teoricamente a disposición da mesma xente que eles mesmos botan á rúa. Parécelle un contrasentido, pero no mundo de cinismo no que goberna o PP, todo vai cobrando certa verosimilitude, ou polo menos iso se lle pretende dar.

Recollendo un pouco o argumento que expuxo aquí o compañeiro de EU, efectivamente, non sendo este o seu modelo de como deben actuar as administracións públicas para resolver un dos problemas máis graves que lles están a atinxir, eles entenden que se nalgunha cousa pode servir a calquera veciño de Cambre, a calquera unidade familiar, a calquera familia, para resolver un problema tan grave como é ter un teito baixo o que durmir, benvido sexa.

Pero di que hai que explicar as cousas, e hai que dicir que este documento, este proxecto, esta iniciativa, ten xa uns meses, e isto saíu agora por mor dunha nota de prensa que mandou o BNG, porque este mesmo documento foi aprobado no Concello da Coruña xa no mes de xaneiro, e xa está en curso a primeira quenda de acceso a vivendas a que están accedendo concellos como o da Coruña e o de Culleredo, e Cambre, mal que ben, chega tarde, e hai que dicilo, recoñecelo, e non pasa absolutamente nada, é dicir, non ten en absoluto ningún problema, está ben ser orgulloso, pero outra cousa é ser soberbios, e o goberno municipal, diante das críticas, o que saen é con mentiras. Dixeron na prensa que non realizaron a xestión con anterioridade porque non había ningunha vivenda en Cambre destinada a tal uso, pero con independencia de que iso sexa certo, ou sexa mentira, hai unha cuestión que é moi clara, se len o documento na súa proposición quinta, páxina 10, fala de que para realizar a referida valoración as entidades de crédito deberán solicitar informe aos servizos sociais do concello ou deputación provincial que corresponda do municipio de residencia dos solicitantes, sempre que o dito concello ou deputación provincial se teña adherido a ese convenio con anterioridade.

Polo tanto, con independencia de que dende o goberno municipal falaran cos bancos, que a el iso parécelle estupendo, co fin de ver se había ou non había pisos no termo municipal do Concello de Cambre, que parece ser que si que había, o fundamental neste documento é que o concello se adhira para darlle servizo aos veciños. El non vai dar os nomes, e non vai dar os DNI, porque loxicamente non procede, pero si sabe, e así llo teñen dito servizos sociais de concellos veciños, que empadroados en Cambre,

veciños de Cambre, estaban a solicitar esta axuda nos concellos veciños porque Cambre de momento non ofertaba, polo tanto, como concello chegan tarde, hai unha deixación nas súas funcións de goberno para sacar algo adiante que, en principio, non debería ser en absoluto problemático.

Conclúe dicindo que eles terman do que dixeron na prensa, non utilizan os argumentos vagos nin imprecisos de que a prensa ás veces mente e ás veces di a verdade, e reitéranse no dito porque saben que, igual que outras veces recoñecen certos erros, neste caso están en posesión da verdade. Reclaman, polo tanto, unha actitude que se di agora modernamente proactiva, agora si que toca presionar aos bancos, agora si que toca facer presión diante desas entidades, para que o parque de vivendas en Cambre destinadas a ese uso sexa o maior posible e, dende logo, intentar popularizar e difundir esta idea entre a xente. En todo caso, chegan tarde, o concello chega tarde a isto, perderon a primeira quenda, e non hai máis volta de folla. O seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel contéstalle ao Sr. Carballada que en política non vale todo, e non se pode utilizar demagogia política en temas tan delicados como este. O Sr. concelleiro dixo que dende o Concello de Cambre chegaron moi tarde, e ela dille que o pasado 17 de xaneiro é cando lles chegou a posibilidade de adherirse ao convenio. O día 23 de xaneiro puxéronse en contacto, tanto coa Asociación española da banca, como co Fondo de vivenda da FEMP, e os dous dixeron que en Cambre non había ningunha vivenda. Seguiron en contacto con eles, puxéronse en contacto persoalmente con todas as entidades bancarias de Cambre, absolutamente con todas, e o día 21 de marzo foi cando lles confirmaron que en Cambre si que había unha vivenda, e por iso agora se van a adherir a este convenio, ese foi o motivo. Simplemente quere dicir que dende o concello si que teñen intentado facer o traballo, o mellor que puideron, e reitera que non se pode utilizar a demagogia para todo, simplemente.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta, por alusións, que o texto está en castelán e el cre que é perfectamente entendible. Repite que no convenio o que se di é que: *“Para realizar la referida valoración, las entidades de crédito deberán solicitar informe a los servicios sociales del Ayuntamiento o Diputación Provincial que corresponda del municipio de residencia de los solicitantes, siempre que dicho Ayuntamiento o Diputación Provincial se haya adherido ...”* Dito doutra maneira, e para que se entenda, un veciño de Cambre, se o concello está adherido ao programa, pode solicitar un piso en Culleredo, Oleiros ou na Coruña, preguntalles se o queren entender. O Concello de Cambre á diferenza do que fixo o Concello de Culleredo ou da Coruña, non se adheriu en tempo e forma a este proxecto, e quedaron fóra da primeira quenda. Di que demagogias as xustas e a ver se son un pouco máis eficientes á hora de traballar.

Toma a palabra o Sr. alcalde para rogarlle ao Sr. Carballada que no ímpeto non dea golpes na mesa porque lle retumba un pouco o micrófono.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, voceiro do GM, manifesta que o seu voto vai ser o da comisión, favorable.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o primeiro que quere é excusar á súa compañeira Elisa, que non está aquí porque se operou, tal e como lle dixo antes ao Sr. alcalde. Di que o voto do seu grupo vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dos concelleiros do GM, e abstense o concelleiro presente do BNG.

A Corporación, por dezaoito votos a prol, acordou:

Primeiro: Solicitar a adhesión do Concello de Cambre ao Convenio de data 17 de xaneiro de 2013, subscrito polos ministerios de Economía e Competitividade, Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Fomento, o Banco de España, a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), a Plataforma do Terceiro Sector (Organizacións non gubernamentais), as patronais bancarias e 33 entidades de crédito, para a creación dun Fondo Social de Vivendas.

Segundo: Aceptar todas as cláusulas e condicións que figuran no dito convenio e autorizar ao Sr. alcalde para a sinatura do protocolo de adhesión do Concello de Cambre ao convenio para a creación de Fondos Sociais de Vivendas.

Terceiro: Remitir o protocolo subscrito xunto cunha certificación do acordo plenario á Federación Española de Municipios e Provincias, co fin de que faga chegar a dita documentación á Comisión de Coordinación e Seguimento.

5º Mocións ou propostas urxentes

Non se presentaron mocións nin propostas urxentes por escrito.

6º Informes da Alcaldía

Este punto non foi utilizado.

7º Rogos e preguntas

O Sr. alcalde manifesta que neste punto hai preguntas, supón que son preguntas o que presentou o Sr. García Patiño, de UxC.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que son rogos, pero se quere cambia o texto e en vez de preguntarlle, rógalle que lle diga.

O Sr. alcalde di que o rogo é unha proposta, e a pregunta é precisamente unha pregunta para que o alcalde conteste. Isto que presentaron son preguntas, e o Regulamento orgánico municipal é moi claro nese sentido, o voceiro de UxC non fai ningunha proposta, se o tratan como preguntas, di que perfecto.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que os rogos que trouxeron a este pleno están motivados no que o Sr. alcalde tanto pediu na prensa, que se explicase, polo tanto, pide que lle deixe explicarse e que deixe tamén que se expliquen os demais grupos. Pídelle que non veña agora utilizando o ROM para dicir que son preguntas ou son rogos, dende logo son rogos, porque el quere preguntarlle e que o Sr. alcalde conteste, pero tamén que o resto de grupos políticos teñan acceso a unha intervención.

O Sr. alcalde manifesta que está equivocado, que el mesmo acaba de dicir que o que quere facer é preguntar, e dille que pregunte, que el o vai tratar como pregunta e que lle dará resposta, pero que isto non é un rogo.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que é unha solicitude, que ben o pon, solicitan que por parte do Sr. alcalde se informe e explique. É unha solicitude.

O Sr. alcalde contesta que isto non é unha proposta. Di que acaban de modificar o ROM e que está moi claro o que é un rogo, o que é unha moción, e o que é unha pregunta. Isto son preguntas directas ao Sr. alcalde, o voceiro pregunta, e el respóndelle.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregúntalle que problema ten para tratalo como un rogo.

O Sr. alcalde contesta que non é un rogo, é un tema de orde, isto é unha pregunta e están nun pleno municipal.

Don Óscar Alfonso García Patiño sinala que o problema é que no rogo, a diferenza da pregunta, eles fan ese rogo, o Sr. alcalde contesta, eles teñen dereito a unha intervención, e o resto dos grupos políticos tamén. No caso da pregunta, el fai a pregunta, o Sr. alcalde contesta, e acabouse. El sabe que ese xogo gústalle moito ao alcalde, e máis a prensa, pero están aquí no pleno, que é onde hai que tratar os temas importantes dos veciños de Cambre, están os veciños e está a prensa, e agora é o momento, aquí é onde hai que pedir as explicacións e onde hai que dalas.

O Sr. alcalde manifesta que entende perfectamente ao Sr. García Patiño, e dille que o deixou falar, que agora o deixe falar a el. Di que entende perfectamente o que pretende, pero no ROM está claro que un rogo é unha proposta, e aquí UxC non está facendo unha proposta, o que está facendo é unha pregunta, pero quere que interveñan o resto de grupos municipais. Di que para iso que fagan tamén o resto de grupos as súas preguntas, ou os seus rogos, as súas propostas. Pide que non o faga entrar por un aro que non está nin lexislado. El estalle a dicir que se o tratan como pregunta, de acordo, pero se quere tratalo como rogo, non llo admite.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que, antes de dicir nada, quere darlle as grazas a todos os grupos políticos, porque quedaran en non traer ningún rogo, ningunha pregunta e ningunha moción a este pleno, precisamente polo momento que están a vivir, e el pediulles por favor a todos que lle deixaran traer estes rogos, para explicarse e para que tamén explicase o Sr. alcalde todo o que dixo na prensa, porque

el de momento non dixo nada, pero o alcalde dixo reiteradamente que había dúas semanas que lle pedira explicacións ao voceiro de UxC.

Pregúntalle se quere que lle conteste na prensa, porque iso non, aquí é onde hai que facer as cousas, e aquí é onde lle vai contestar. O alcalde quere que lle faga a pregunta e contestar só el, é o que quere, contestar el só e que calen os demais. Lémbrale o que dixo hoxe na prensa, que é curioso, dixo que se hai unha moción de censura é un golpe de estado democrático. Di que esa frase o define perfectamente, pregúntalle onde hai un golpe de estado democrático, porque se é un golpe de estado non é democrático, e lémbrale que o está dicindo el. En conclusión, pídelo que faga o favor, que sexa alcalde de todos neste pleno, non na prensa, neste pleno.

O Sr. alcalde manifesta que segue remitíndose ao que dixo antes. Isto é unha pregunta, o voceiro de UxC fai as preguntas e el responde, o que non está disposto é a que o Sr. García Patiño sexa interprete do resto dos grupos políticos, porque está utilizando unha artimaña para que o resto de grupos políticos debatan unha pregunta. Di que el iso non o vai permitir, e se non está de acordo, dille que tivera feito o rogo doutra forma, porque o que fixo son preguntas, é máis, asesorouse e isto é unha pregunta.

Como xa dixo antes, o rogo é unha proposta, alguén propón algo e eles acéptano. Propoñen facer algo, por exemplo róganlle ao Sr. concelleiro de Obras que faga algo, iso é un rogo, o que fixo o Sr. García Patiño foi unha pregunta directa ao alcalde, co cal dá oportunidade de que o resto de grupos políticos non debatan a súa contestación. Dille que tería que telo feito como rogo e non como pregunta, porque o que fixo son preguntas, non lle roga nada ao Sr. alcalde, non lle roga nada nin lle propón nada, non obstante, el vaille contestar, pero se o fai como pregunta, non como rogo.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que lle pregunta e que lle roga, e pregúntalle ao Sr. alcalde que máis quere para contestar, que máis quere que, nun xogo democrático, ás acusacións que o Sr. alcalde lle fixo a el, ao seu grupo, e a outros grupos tamén, conteste a esa información que lle pide, explicando en que se basea.

Di que nunha pregunta non lle vai poder dar a explicación que o Sr. alcalde na prensa tanto lle pediu, pregúntalle a que está xogando, e dille que esa é a forma de gobernar que ten, e foi a que lle trouxo a onde está, esta situación provocouna o Sr. alcalde con esas formas de proceder, non a provocaron o resto de grupos políticos, provocouna el, e, dende logo, é indigno de sentarse onde está.

En todo caso, se quere que lle faga as preguntas, polo menos faralle as preguntas, e xa lle contestará na prensa, que igual lle gusta máis, ou no seguinte pleno, pero di que aquí se vai aclarar todo o que o Sr. alcalde dixo.

Pregúntalle se lle fai as preguntas ou se vai seguir mirando para el.

O Sr. alcalde contesta que o Sr. García Patiño verá, o que si lle pide é un pouco de respecto.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que o ten, que lle ten moito respecto a esta institución. A continuación, dá lectura ao primeiro punto do escrito rexistrado de entrada ao núm. 4085 o día 1 de abril de 2013.

1º O alcalde de Cambre, Manuel Rivas, di do voceiro de Unión por Cambre, Óscar García Patiño, que se move por intereses económicos e urbanísticos. Ten vostede algún indicio, dato ou proba, en que se basea a súa afirmación? Ou é só unha rebouxa de baixa moralidade?

O Sr. alcalde explica que vai contestar esta primeira pregunta, pero que o vai facer despois de contestarlle á segunda e á terceira.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que iso non pode ser, que se son legalistas o son para todo.

O Sr. alcalde pregúntalle ao Sr. Carballada se lle deu o uso da palabra. Di que el pode contestar á pregunta da forma que queira.

Don Daniel Carballada Rodríguez sinala que terá que contestar pregunta a pregunta.

O Sr. alcalde di que é o que vai facer.

O voceiro do BNG pregunta se non dixo que vai contestar primeiro á segunda e á terceira, antes que á primeira, porque el entendeu iso.

O Sr. alcalde di que entende o que quere. A continuación, dille ao voceiro de UxC que fixo esas afirmacións na prensa, e está falando de afirmacións na prensa porque non quere distorsionar este pleno, que ao mellor é o seu último pleno, pero quere dicirlle que nos 21 meses que leva aquí deulle a oportunidade de coñecelo. Antes non o coñecía, e a verdade é que, como o Sr. García Patiño tamén dixo del moitas veces, tamén el o defraudou, porque o voceiro de UxC unha vez na prensa chamouno mentireiro, e puxo por medio ao alcalde de Culleredo. El non sabe se o alcalde de Culleredo é tamén un mentireiro, pero o que si sabe é que el si que falou co alcalde de Culleredo e o alcalde de Culleredo díxolle que el non falara co Sr. García Patiño, que si o chamara un do seu grupo, díxollo persoalmente no Consorcio das Mariñas.

Di que el non contestou porque foron manifestacións á prensa, agora o Sr. García Patiño pídelle explicacións. Como dixo antes, nestes 21 meses el tivo oportunidade de coñecelo, porque lle ofreceu por tres veces formar parte do goberno ou que apoiara a este goberno, ou ao mellor foron dúas e unha terceira intentona, é certo, pero no que se basea é na actitude do voceiro de UxC que por dúas veces, e sempre está falando de temas urbanísticos, pero por dúas veces paralizou expedientes que estaban en marcha no concello, cunha soa intención, que eses asuntos foran ao Plan de ordenación municipal, pero claro, estaban xogando con algo importante.

O Sr. García Patiño non cría o que dicía o alcalde, polo que se informou a través dos técnicos, os técnicos dixeronlle o que había, o expediente que hai, e como o Sr. concelleiro non está conforme, trouxo unha moción ao pleno coa intención de paralizar ese expediente. No pleno houbo que deixalo enriba da mesa, e el tivo que falar co

empresario, traelo aquí e que lles explicara o expediente, para que ese expediente puidera saír adiante. Están falando de postos de traballo, e pregúntalle cal foi o motivo para iso, porque a el o que lle fai sospeitar é que pode haber intereses urbanísticos detrás, porque se non é así, entón non pode entendelo, de aí as súas manifestacións. Di que el non se pode explicar que alguén, con dous dedos de fronte, intente paralizar un proxecto que vai crear en Cambre 200 postos de traballo, e ata que trouxo aquí ao empresario, o Sr. García Patiño non desistiu.

Neste punto, o Sr. alcalde fai un pequeno inciso para pedir perdón polos golpes que deu na mesa, porque ao mellor se excitou.

Continúa dicindo que o que dixo é a verdade, e os demais grupos están aquí para dicilo. Na xunta de voceiros quedaron convencidos de que, efectivamente, o empresario ten un proxecto en marcha e quere facelo. Ante isto, pregúntalle ao Sr. García Patiño que pode pensar el como alcalde, o que pensa é que, se está intentando paralizar iso, é que ten que haber algo. Como o remite exclusivamente á aprobación do Plan xeral, el ten que pensar que ten que haber un interese detrás, un interese urbanístico, loxicamente, de aí a súa manifestación. Igual que cando o Sr. García Patiño fixo a súa manifestación de que o alcalde de Cambre non falara co alcalde de Culleredo, chamándoo mentireiro, fíxoo na prensa, e dille que el non lle mentía, porque o alcalde de Culleredo, xa lle dixo naquel momento, cando foi o vertido de queroseno e falaron dese asunto, os dous alí e con testemuñas, por exemplo estaba tamén o concelleiro de Medio Ambiente, díxolle que o puxera en marcha e que despois lle dera as ideas.

Di que el non ten máis que contestar, non quere crispas tampouco o pleno, pero iso é así, e por iso fixo a manifestación que fixo na prensa. Non sabe se lle queda contestada a pregunta.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que esa era a pregunta número dous, na que se dicía que:

2º O alcalde indica que Patiño intentou “boicotear a través dunha moción” a instalación dunha empresa que “pretende crear case douscentos empregos” no polígono de Espírito Santo. Rivas afirma que Patiño “cesou na súa iniciativa, cando o empresario se ofreceu a explicar a todos os voceiros o proxecto”. De forma contundente Rivas insta a Patiño a explicar “se intentou boicotear este proxecto porque era incompatible cos intereses urbanísticos que el defende”.

De que forma segundo vostede intentei boicotear a instalación da empresa?

Di que o Sr. alcalde acaba de contestar á segunda pregunta, á primeira está esperando a que lle diga que tipo de interese económico e urbanístico ten, porque aínda non lle contestou.

O Sr. alcalde dille que xa llo dixo, a pregunta vai ligada unha coa outra, a el faille sospeitar que ten intereses urbanísticos pola súa actuación, é unha manifestación que fixo na prensa, e xa lle di que non quere crispas o pleno, porque non ten sentido.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el pode sospeitar do Sr. alcalde sexa o que sexa e non por iso vai saír na prensa, nin como UxC, nin como Óscar García, e menos aínda presidindo unha institución como é o Concello de Cambre. Dille que non pode permitirse o luxo de saír á prensa dicindo e acusándoo de todo o que lle acusou, sendo alcalde de Cambre e utilizando esta institución, porque as notas de prensa saíron da Alcaldía, non do PP, senón da Alcaldía, utilizando esa institución para os seus fins persoais e políticos, e tratándose de supostos ou sospeitas.

Di que el non ten ningún interese persoal urbanístico, si que ten un interese político urbanístico, claro que ten, como todos os que están sentados aquí facendo política, por suposto que queren que saia un Plan xeral o máis rápido posible para adiante, claro que si.

Lembra que o Plan xeral leva 12 meses de atraso dende que se asinou o contrato, e ademais, falando de urbanismo, nos dous anos que leva gobernando o Sr. alcalde, provocou que se cambie seis veces de arquitecto municipal, vaise un, vén outro, marcha este, vén outro, e iso cando o alcalde fala de axilidade e de transparencia.

Se o Sr. Rivas chama interese urbanístico a presentar unha moción como a que presentaron no pleno respecto da modificación puntual do Plan parcial do polígono, que foi aprobada por todos os grupos políticos, onde se demostraba que era unha especulación pura e dura, e que levaba a firma do Sr. alcalde, pídelle que non se olvide diso, que levaba a súa firma, entón, dende logo, ten intereses urbanísticos. UxC fixo unhas alegacións, e aínda están agardando a que lles contesten, e nas alegacións que fixeron o xefe de urbanismo contesta, ao final de todas elas, que teñen razón.

Continúa dicindo que o Sr. alcalde tamén falou na prensa das súas ambicións, pois el dille que non ten máis ambición que a de cambiar a forma que ten o Sr. alcalde de facer política en Cambre, esas son as súas ambicións, el non entrou a formar parte do goberno en dúas ocasións, se fora unha persoa como a que di, ambiciosa, que lle move o diñeiro, que lle move o urbanismo, xa tería estado sentado aí, ao carón do Sr. alcalde, e non o fixo, nin o vai facer, por suposto.

Di que a súa ambición pasa por iso, nada máis, pola contra, é curioso que o Sr. alcalde fale desas mocións, cando é xerente de empresas, presidente da asociación de Sabón, membro da executiva do PP, deputado, alcalde e presidente da asociación Pro-urbanismo, que algo terá que ver co urbanismo, non sabe, igual está equivocado, pero un interese haberá, xa que tal e como dixo en varias ocasións o Sr. alcalde, e o dixo por exemplo nas entrevistas que fixo *La Opinión* (internautas), que a vía Ártabra ao seu paso por Cambre non era necesaria.

En canto a paralizar á empresa o Sr. alcalde sabe que non é verdade. Despois de presentar esa outra moción, aprobada por todos, déronse conta de que había outro proxecto, co obxecto de ampliar o polígono industrial do Espírito Santo. Ao darse conta diso preguntáronse por que se ía ampliar agora o polígono de Espírito Santo tendo un Plan xeral en marcha, o normal era que no Plan xeral se contemplase toda a ampliación do ámbito do polígono industrial, e non só unha parte. Trouxeron iso ao pleno, fixérono por rexistro o día 26 de xaneiro para o pleno de xaneiro, e nas comisións do día 30, cinco días máis tarde, ao finalizar, o Sr. alcalde convocou a todos

os voceiros para o día seguinte, mércores, para tratar a moción que presentou UxC. O mesmo mércores pola mañá foi cando lles dixo que había unha empresa, da que ningún deles tiña coñecemento, que podía xerar 300 postos de traballo, e están o resto de voceiros presentes para dicir se é verdade ou non, 300, non 200 nin nada diso, e está ademais recollido na acta. O xoves, UxC retirou do pleno a moción, pedindo que se convocara a Comisión de Urbanismo nas vindeiras semanas para definir e concretar cales son as garantías que se consideran suficientes para dar credibilidade a ese proxecto, porque de momento o que hai é unha persoa, un empresario, que ten solo no polígono industrial e di que vai montar unha empresa, iso é o que teñen de momento.

Tamén pediron que unha vez definidas se dera un prazo para que o interesado ou interesados presentasen os documentos que garantan o fin buscado, que non é outro que crear empresas e emprego. De non cumprirse estas condicións, agás por causas xustificadas que deberán ser aprobadas no seo da Comisión de Urbanismo, o acordo quedaría sen efecto.

Di que niso é no que quedaron todos de acordo, incluso o Sr. alcalde. Na acta do pleno recóllese que: *“O Sr. alcalde di que, entón, de acordo, que deixa a moción enriba da mesa, e que a xunta de voceiros será convocada na vindeira semana.”* Iso figura na acta do pleno de xaneiro, e pide que lles explique por que lles mente, por que lle mente á xente nese sentido. Di que el non intentou paralizar ningunha empresa, non tiña coñecemento desa empresa. O empresario non pediu vir explicarse aquí, foron os voceiros de todos os grupos políticos os que lle esixiron ao Sr. alcalde que viñera o empresario a contarllelo, precisamente porque non o cren, demostráronlle que non ten a súa confianza, foron eles os que pediron que viñera ese señor aquí.

Di que, dito de paso, el coñece a traxectoria profesional dese señor, unha parte, e parécelle unha boa persoa e unha boa empresa, pero iso non implica outra cousa.

Por outra parte, de 300 empregos que dixo o Sr. alcalde, faláron co empresario e, se non lembra mal, dixo que sobre 150, xa é a metade.

O Sr. alcalde preguntou por que trouxeron esa moción, e el dille que se viu que era algo tan importante, que había unha empresa que podería xerar 300 postos de traballo, 200 ou 150, o que debería ter feito é convocalos a todos para ver se podían axilizar os trámites para iso. Todos os que están aquí sentados non van dicir que non a unha empresa, na situación na que están, que veña xerar emprego a Cambre. O que pasa é que o Sr. alcalde xogaba a ocultar a información, para que cando a empresa viñera a instalarse, colgarse unha medalla, iso é o que fixo.

Polo tanto, el cre que queda máis que demostrado que UxC, e el, Óscar García, non ten ningún tipo de interese urbanístico, ningún, e tampouco intentou boicotear a unha empresa que se quería instalar en Cambre, polo tanto, o Sr. alcalde mentiu nas dúas cousas, nas dúas, e por riba co membrete do concello como alcalde de Cambre. E se quere, di que lle le a terceira.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. García Patiño o chama mentireiro moitas veces, e el aguantouno, pero non vai facelo máis, por unha sinxela razón que

Ile vai dicir, cando el fala de 300 empregados é porque a el se lle dá unha nota do empresario, que o Sr. García Patiño dixo que é unha persoa seria, ou que lle dá a sensación de selo. Non obstante, en principio o concelleiro presentou unha moción para deixar paralizado un expediente que el non colleu, que xa estaba feito de antes, como sabe a modificación puntual do polígono de Sabón procede do goberno anterior.

Os asistentes corríxen ao Sr. alcalde respecto do nome do polígono.

O Sr. alcalde pide perdón, e di que do polígono de Espírito Santo, e continúa dicindo que é o mesmo que pasa co que dixo o Sr. García Patiño do Plan xeral, pregunta se foi este goberno o que asinou o contrato do Plan xeral, non o fixo, cando chegaron eles xa pasaran 6 meses e non se tocara, e non levan 2 anos, levan 21 meses, faltan 3. Son 12 meses dende que se asinou, ten razón, pero dende que eles están leva 7, xa o teñen manifestado no pleno varias veces. Sempre ten dito e volve dicilo, que eles tiveron que tragar, pero que non están de acordo coa empresa. Alguén lle dixo que revogase o contrato, pero iso custaríalle moitísimos euros aos veciños de Cambre, polo que só poden agardar os prazos e empezar a penalizar.

Pídelle que non o chame mentireiro, porque el dixo o que lle dixeron, para iso trouxo ao empresario, e o empresario, como é empresario, foi prudente. O Sr. García Patiño coñéceo dende hai moitos anos, e é prudente, e dixo que na primeira fase están falando de 160 persoas, díxoo na reunión que tiveron e así o recolle un acta, unha reunión onde ademais estaban os xefes de Urbanismo.

Pero di que, non contento con iso, o Sr. concelleiro xa coñecía o proxecto, porque foi na véspera ao xefe da área de Urbanismo a preguntarlle por el, antes da reunión dese mércores xa se foi a enterar do proxecto. E se non é así, é que a el lle mente tamén o xefe da área de Urbanismo.

Ante as manifestacións a micrófono pechado do voceiro de UxC, o Sr. alcalde continúa dicindo que xa sabe que é o seu problema, pero preguntalle se non é verdade que nesa reunión que houbo co empresario el xa non puxo ningún atranco ao proxecto, e preguntalle por que, entón, cando foi el quen lle dixo que había unha empresa que ía instalarse en Cambre lle puxo trabas.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que diso informouno despois de ter presentado a moción.

O Sr. alcalde dille que si, pero preguntalle por que presentou a moción.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que porque tiñan sospeitas de que se ía especular coa ampliación do polígono de Espírito Santo, e, polo tanto, como están cun Plan xeral en marcha, pediron que se contemplara dentro dese Plan xeral.

O Sr. alcalde preguntalle de onde lle viñan as sospeitas, de ter visto o expediente na área de Urbanismo, de aí lle viñan as sospeitas, porque se non, non tería puntualizado na moción o que dixo.

Don Óscar Alfonso García Patiño contesta que no expediente non vén que esa empresa vaia montar unha industria.

O Sr. alcalde di que si.

O voceiro de UxC di que non, que está equivocado, non lle está dicindo mentireiro, estalle dicindo que está equivocado.

O Sr. alcalde dille que si que vén, que ten aquí o papel e que está no expediente. O nome do Sr. Francisco de Asís Rodríguez López, co DNI, está no expediente.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que vén o nome, non que vaia montar unha industria e xerar 300 postos de traballo.

O Sr. alcalde pídelle que lle deixe continuar, que agora lle cede a palabra. Di que o voceiro de UxC intentou paralizar iso, remitíndoo á aprobación do Plan xeral, que é moi temprano, faltan dous días. O Sr. concelleiro sabe perfectamente, porque llo explicou el, e logo incluso tivo que vir o empresario a explicalo tamén, que ese señor ten un contrato ou un convenio coa empresa brasileira Embraer, e que ten 3 anos para aprobar todo iso, 3 anos para ter montada a nave e estar traballando, por iso pediu a modificación puntual, pero o Sr. García Patiño, na propia reunión, díxolle ao empresario que hai máis terreos no polígono, que deixara os que xa ten, e que comprara outros. O empresario contestou que el ten aí o investimento, e que, ou lle daban a oportunidade, ou ía para Portugal, onde lle dan o terreo gratis. Pregunta se é certo ou non, e, engade, o Sr. García Patiño nesa reunión cambia de actitude e dille que si, que adiante co proxecto, que parece serio e que a cousa debe ir adiante.

Segue dicindo que se el non tivera traído aquí ao empresario, ou o empresario non tivera querido vir, porque podería non ter querido, teríanse quedado sen esa empresa, que se iría a Portugal. Os empresarios teñen un tempo limitado para facer os seus contratos, e se non os fan, os perden, e o Sr. García Patiño o sabe, porque tamén é empresario. Di que non sabe por que citou antes que el é presidente de non sabe que cousas, é certo, e preguntalle que pasa con iso, é alcalde de Cambre, e que pasa, dedícase aos seus veciños, e que pasa, mellor dito, o Sr. concelleiro non dixo del que se dedicaba aos seus veciños porque non o quere ver.

Di que iso é o que lle di sobre a segunda pregunta, e está plenamente demostrado.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que cando o Sr. alcalde di que el lle dixo ao empresario que hai solo, é precisamente porque cando eles colleron o expediente, xustificábase ese expediente dicindo que non hai solo no polígono e que se necesitaba esa ampliación. Eles ven que hai solo aínda pendente de desenvolver no polígono, e esa foi a clave. Colleron un expediente no que se di que, como non hai solo no polígono industrial necesitan unha ampliación, e eles viron que si hai solo no polígono industrial, moito solo pendente de desenvolver, que lle chegaba a ese empresario ou a máis, volve dicir que iso sen coñecer o proxecto.

Continúa dicindo que se o Sr. alcalde tivera intención de paralo, cando eles presentaron a moción, o día 25, puido chamalos e dicirlles, mirade, hai este proxecto e

igual se pode perder unha empresa que pode xerar emprego en Cambre. Pregúntalle se o fixo, non o fixo, chegou á comisión e tampouco o fixo, fíxoo o mércores seguinte, despois da comisión. Pregúntalle por que, por que non deu as explicacións antes, cando trouxeron a moción.

Di que foron eles, todos os voceiros, os que pediron que viñera o empresario a contarlles o proxecto, despois aínda hai que aprobalo en pleno, porque queren garantías de que vai ser así, non queren ampliar o polígono e que despois se faga especulación co solo, porque nada lles garantiza que ese home siga co contrato dentro dun ano ou dous, oxalá, pero non teñen esa garantía, e se amplían o polígono e se aproba, ese home pode quedarse cuns terreos e facer especulación con eles, e iso que lle consta que non é a súa idea, que quede claro.

Conclúe dicindo que está claro que eles non intentan paralizar nada.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. concelleiro que di as verdades a medias, porque quen lles ofreceu traer ao empresario foi el, como alcalde. Pídelle que non minta, que foi el, díxolles que os reunía a todos eles e que lles traía ao empresario para explicarlles o proxecto na xunta de voceiros. Reitera que foi el, o alcalde, quen o ofreceu.

A todo isto, di que é certo que hai solo no polígono de Sabón, pero ese solo ten dono. Pide desculpas e di que polígono do Espírito Santo, que é por deformación. Continúa explicando que é certo que hai moito solo por desenvolver no polígono do Espírito Santo, é verdade que o hai, pero ten dono e é caro, ou pregúntalle se non é caro. Así pois, se un empresario ten xa un solo que é del, pegado ao polígono, e pide a súa recualificación para poder montar unha empresa que vai dar moitos postos de traballo, pregunta cal é o problema para o Concello de Cambre. Hai que poñerlle as facilidades para que monte a súa empresa, non facer que compre outro solo e que deixe ese no sitio, porque ao mellor resulta que o proxecto se queda en nada.

Continúa dicindo que, en segundo lugar, el non lle podía falar do empresario por unha sinxela razón, que xa lle explicou na reunión de voceiros que tiveron. O empresario naquel momento quería silencio, porque aínda non tiña o compromiso da empresa brasileira Embraer para o traballo. Cando o empresario lle pasou unha nota dicíndolle que xa podía dar publicidade ao asunto, que xa Embraer abriera a planta de montaxe en Evora, foi cando el chamou aos voceiros, antes non podía dicírllelo, nin podía traelo aquí.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que os chamou cando eles trouxeron a moción, non antes, e se non a chegan a traer o Sr. alcalde non os ía chamar, iso está claro, é máis, non é que o empresario non o poida dicir, ou o alcalde non puidera dicírllelo a eles, é que aquí todos son representantes dos veciños de Cambre, e todos necesitan coñecer esa información. Todos, a unha empresa que vai xerar emprego en Cambre, dentro da legalidade e con garantías, a van apoiar. Pregunta ao Sr. alcalde de onde saca que non a van apoiar, se cre que el está louco.

O Sr. alcalde contesta que non o sabe, que ás veces dálle a sensación que si.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que igual é que sospeita, e pode dicilo tamén na prensa.

O Sr. alcalde manifesta que se lle quedou contestada xa a segunda pregunta, pode facer a terceira.

O voceiro de UxC dá lectura á seguinte cuestión:

3º O alcalde acusa ao voceiro de UxC, Óscar García Patiño nin máis nin menos de ser o político culpable de que o concello se teña quedado sen unha subvención da Unión Europea por valor de 1,5 millóns de euros.

Cales son as súas probas para facer estas declaracións?

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que tivo unha reunión co grupo de UxC, non só co seu voceiro, senón con todo o grupo, onde lles dixo o que había, que como tiñan cumprido perfectamente o programa FEDER, en canto a prazos e en canto á súa execución, cousa que outros concellos non fixeron, cos excedentes deses fondos FEDER podían conseguir un millón e medio de euros para facer uns proxectos en Cambre, que eran arranxar as sendas do río Mero, arranxar a Casa da Arrigada e os xardíns, e arranxar a parte do centro de saúde de Cambre. O voceiro de UxC viuño ben.

Continúa explicando que el lle dixo que o único que había que facer era un compromiso de cumprimento e ter a seguridade de que o pleno ía aprobar eses proxectos, e para iso había que ir a Madrid, ao ministerio, e había que ofrecer esa seguridade. Ao Sr. García Patiño pareceulle estupendo, e dixo que si, eles concertaron co deputado en Madrid a reunión no ministerio e cando tiveron concertada a entrevista o Sr. concelleiro díxolles que non ía con eles a ningunha parte. Pregúntalle se iso é certo ou non é certo.

Don José Antonio Orosa Fernández, concelleiro de UxC, pregúntalle ao Sr. alcalde pola reunión, porque di que nesa reunión el non estaba, dende logo.

O Sr. alcalde di que o Sr. García Patiño si estaba.

Don José Antonio Orosa Fernández manifesta que, entón, sería unha segunda reunión.

O Sr. alcalde di que estaban os tres concelleiros.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que foi co alcalde e con don Felipe Andreu.

O Sr. alcalde explica que por esa negativa a ir a Madrid, e por non ter a seguridade de que a subvención se ía aprobar en pleno, loxicamente non a puideron conseguir.

Concedida a palabra ao voceiro de UxC manifesta que a mediados de novembro o Sr. alcalde citou aos tres concelleiros do seu grupo, é verdade. No seu despacho, e xunto co Sr. Felipe Andreu, contoulles que podían acceder a unha subvención de 3 millóns

de euros, non era millón e medio, a primeira vez dixo 3 millóns, correspondente aos remanentes dos fondos FEDER, é verdade, e que tiñan un proxecto, entre outros, para facer un carril bici, non era para arranxar as sendas peonís, era para facer un carril bici. Eles contestaron que nos tempos que corren, meter 3 millóns de euros nun carril bici, parecíalles unha barbaridade.

Ante as palabras a micrófono pechado de don Felipe Andreu, don Óscar Alfonso García Patiño pregunta se o Sr. Andreu pode falar e o resto dos grupos non, non sabe como quere moderar iso o Sr. alcalde, igual é que ese concelleiro pode, e os demais non.

Continúa dicindo que como dixo o seu compañeiro de grupo, Antonio, igual non estiveron na mesma reunión, que é probable que non. En todo caso, eles nesa reunión contestáronlle que lles parecía unha barbaridade e que eles tamén tiñan outros proxectos que se podían estudar. Di que niso foi no que quedaron. Agora dinlles que esa subvención non está vinculada a aprobala no pleno, senón a aprobar os orzamentos, e o Sr. Felipe Andreu tamén o dixo o outro día na xunta de voceiros a unha pregunta do voceiro do BNG, que estaba unido a aprobar os orzamentos, non a aprobar a subvención en pleno.

Eles preguntaron polo proxecto e comentáronlles que estaba sen facer. O 27 de novembro, don Felipe Andreu, mediante WhatsApp, dille se poden quedar mañá ás 10:00 para ver ao enxeñeiro e ao arquitecto. Contestoulle que antes de poñerse a traballar en proxectos conxuntos, necesitaba que se lle contestase a todo o que UxC ten pedido por escrito, que é a subvención que, segundo o concelleiro de Deportes, Fernando Caride, tiñan por acabar unha etapa da Volta a Galicia en Cambre, e ver os expedientes do Brincadeira. O voceiro do PP contestoulle “*estás de coña?*”, el díxolle que non, e o Sr. Andreu dixo, está ben, pero iso vai saír adiante convosco ou sen vós, e el contestoulle OK. Tres días despois chamouno o Sr. alcalde que lle dixo que sabía que tivera un altercado con Felipe, preguntoulle se podían tomar un café, e el foi ao seu despacho, pregunta se ata aí vai ben. O Sr. alcalde deixoulle tres caixas de facturas do Brincadeira, dicindo aquí tes o do Brincadeira, e el díxolle non quero ver as facturas que a empresa que xestionou o Brincadeira paga aos seus provedores, eu quero ver as facturas que paga o Concello de Cambre, vinculadas ao Brincadeira, e os expedientes. O Sr. alcalde deulle 3 facturas, é verdade, e díxolle que ía conseguir os expedientes, ata hoxe, ata o día de hoxe non ten nin os expedientes nin o Sr. alcalde volveu falar con el, en absoluto, desa subvención, é máis, están a secretaria e a interventora presentes, pregunta se hai algún papel, algún dato de entrada ou de saída no concello, que fale dunha subvención.

Pregúntalle se cre que o vai levar a el da man a Madrid e lle van dar unha subvención de un millón e medio de euros, pregúntalle se cre que el é o Urdangarín de Sigrás ou quen pensa que é el. Di que as cousas non son así, non funcionan así, non funcionan con mentiras para desacreditar todo isto, foi unha cuestión que provocou o alcalde coa súa cuestión de confianza, que non a provocaron os demais. Pregunta que é iso de un millón e medio de euros que non lle deron porque el non o acompañou a Madrid, di que parece que lle está tomando o pelo á xente, e cando o alcalde di que o que se ten que explicar é o voceiro de UxC, iso xa é de broma.

Conclúe dicindo que así foron as cousas, e por moito que diga Felipe Andreu que non, el ten os whatsapp aquí, no móbil, para velos cando queira, e xa llos leu o outro día.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que non sabe se tomalo a broma, porque o Sr. García Patiño é moi falangeiro cando quere. Cando chegou ao seu despacho, estaban alí esas caixas do Brincadeira das que falou, porque tiñan falado polo encontrón que el dixo que tivo con Felipe, e ante a súa petición el xa lle dixo que se lle ía entregar o expediente, como non.

Continúa explicando que por iso tiña as caixas enriba da mesa. Díxolle que mirará o que quixera, pero que o que non lle permitía era fotocopialo, porque había facturas da empresa. O Sr. García Patiño díxolle que non necesitaba ver iso, senón que era moito máis fácil, que simplemente con que se lle deran as facturas do concello, que iso era o que quería. El díxolle que niso non tiña ningún inconveniente, que llas daba.

Pero di que o Sr. concelleiro pide cousas distintas, e pídelle que non minta, porque chama mentireiro ao alcalde, pero el o que fai é dicir as verdades a medias, que é o peor que se pode facer, dicir as verdades a medias e deixar a dúbida na cabeza dos veciños. Di que non é verdade, que o voceiro de UxC non quixo nin abrir as caixas, porque non é que non se fiara, simplemente non quería ver as caixas, o que quería era amolar, se era posible, un pouquiño ao alcalde.

Continúa dicindo que el tiña un compromiso cun deputado, ademais do seu partido, que se chama Juan de Ruano, un compromiso para ir a Madrid, e para iso dixéronlle que tiña que ter garantías de que iso se ía aprobar no pleno. Como o Sr. García Patiño comprenderá, nesa situación el busca os medios que haxa para ir a Madrid, e o Sr. concelleiro primeiro lle di que si, que o ve ben, é verdade que dixo que ao mellor era moito dispendio para un carril bici, que se podían facer outros proxectos, é verdade que o dixo, pero el díxolle que presentara alternativas, e ata hoxe, como lle fixo cos orzamentos. UxC non presentou ningunha emenda nin ningunha alternativa aos orzamentos.

Pídelle que non diga mentiras a medias, que non presentaron ningunha proposta, e para conseguir os fondos FEDER hai que ir alí. Necesitan garantía de que se poden aprobar eses proxectos no pleno, e así tramitar o millón e medio de euros, era simplemente unha viaxe a Madrid. Pídelle que non diga as verdades a medias, porque iso é o peor que pode existir. Pódese mentir ou pódese dicir a verdade, pero as verdades a medias crean unha dúbida na xente que non se pode permitir. Coa mentira non, porque coa mentira poden levalo ao xulgado, coa mentira o Sr. García Patiño pode levalo ao xulgado e alí o Sr. xuíz faralle contar a verdade, ou se non o fai, ao mellor resulta que como dixo o Sr. García Patiño é o Urdangarín de Sigrás e el é o de Cecebre.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño pídelle ao Sr. alcalde que aclare o tema das caixas, esas caixas son as facturas que a empresa que xestionou o Brincadeira pagou aos seus provedores, iso a el non lle preocupa, iso é un convenio que o Sr. alcalde asinou, sen ningún procedemento administrativo, cunha empresa, a el iso non lle preocupa, xa verán o que pasa con todo iso. El díxolle que quería ver as facturas que realmente pagan os veciños de Cambre. O Sr. alcalde falou dos 70.000

euros de perda, e el quere saber que máis facturas se pagaron no concello, porque os 70.000 euros de perda dos que o Sr. alcalde falou, era o que dixo a empresa que se perdera, por iso el quería ver as facturas do concello. Pregunta se é verdade ou non é verdade o que está dicindo. Díxolle que non quería ver esas caixas, porque non tiñan interese ningún, ese é un tema dunha empresa que xestionou o Brincadeira, e que pagou aos seus provedores, parécelle moi ben, el non vai entrar aí, ademai é un tema privado, baixo o seu punto de vista.

Continúa explicando que o que lle dixo é que quería ver o expediente do Brincadeira completo, cos informes. O alcalde deulle tres facturas e ata hoxe aínda non ten o informe da Intervención sobre o Brincadeira, e púxollo no Whatsapp, mentres non teña iso non van avanzar, porque é o seu dereito como concelleiro, o acceso á información é o seu dereito como concelleiro, e a día de hoxe non llela deu.

Don Felipe Andreu Barallobre pide ao voceiro de UxC que diga aquí o que lle dixo ao seu compañeiro Fernando, que tiña sido el o que lle prohibira acceder ao expediente, pide que o diga aquí, que llo dixera a secretaria.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Andreu Barallobre que non está no uso da palabra.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que, agás esas tres facturas que recoñece que lle deu o Sr. alcalde e polas que non asinou ningún recibí, e así o recoñece porque non ten razón para mentir, aínda que podería dicir que non lle dera nada, pero non, deullas, agás nese caso, el cada vez que vén pedir un expediente, e os ten pedido catro veces por rexistro, cando el pide algo por rexistro, dásele por rexistro, por iso, de ter sido así, o alcalde tería unha copia de que el recibiu os informes de Intervención, e non a hai, porque aínda non llos deron, aínda non os ten, nin el, nin ninguén da oposición que el saiba.

Entón, o porqué se parou iso xa llo dixo no WhatsApp...

O Sr. alcalde intervén para dicir que a el non lle mandou ningún whatsapp.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que non, que llo dixo a Felipe Andreu, que mentres non lle dera a documentación a que tiña dereito, non ían avanzar nese tema, porque non tiña a seguridade, a confianza, e niso quedaron. Agora o alcalde fala de ir a Madrid con el, di que imos ver, que primeiro terán que darlle a documentación, logo verán de que proxectos van falar, e finalmente verán se van a Madrid ou non.

Continúa dicindo que non só é iso, é que só llo comentou a el, a Antonio e a Elisa, o resto da oposición non sabía absolutamente nada. El cre que é moi grave que o resto da oposición non saiba que poden optar a unha subvención de un millón e medio, tres, segundo lle dixera, e que por culpa de UxC non se cobrou, simplemente tiveron noticia pola prensa, di que xa lle dirá el, que hai de verdade en todo isto.

Segue dicindo que as declaracións do alcalde, a mentira, queda demostrada hoxe realmente, con datos, quen mente e quen non mente, dilles que o teñen na cabeza, que supón que virá no abc do concelleiro do PP.

“Cando tomei posesión sabía que tarde ou temprano a oposición se rebelaría”. Dille ao Sr. alcalde que rebelar é sublevar, levantar a alguén facendo que falte á obediencia debida. A oposición non se rebela, porque non está baixo obediencia, nin debida nin indebida do alcalde, eles teñen que fiscalizalo, nada máis, fiscalizar ao alcalde e ao seu goberno, e pide que o entendan así, que non é unha sublevación todo isto por moito que o alcalde queira.

Dille ao Sr. Rivas que é o alcalde de todos os veciños, e ten que comportarse como alcalde de todos os veciños de Cambre, non pode facer esas declaracións libremente, non pode facelas, falar de interese persoal, interese económico, interese urbanístico, dicir que paraliza unha empresa, que non conseguen unha subvención de un millón e medio de euros porque el non vai a Madrid da súa man.

Pregúntalle ao alcalde quen o vai crer, o cren mentres a xente non ten outra explicación, que é ao que xoga dende Alcaldía, porque se o fixera dende o Partido Popular, dende a súa sede do PP, podía ata entendelo, pero dende Alcaldía é penoso, realmente é penoso o que está facendo.

Continúa dicindo que aproveitando a ocasión, e xa para non entrar máis en debate, porque é xustificar o inxustificado por parte do Sr. alcalde, quere facerlle un rogo, xa que estas eran preguntas, agora faille un rogo. Rógalle que faga extensivo isto ao alcalde da Coruña e ao Sr. presidente da Deputación, que parecen os primos de Zumosol, que cando os necesita veñen a axudalo, e que saíron en defensa das súas mentiras, con acusacións tan graves como que non se van sentar a negociar, vanse sentar a facer negocios, esas son declaracións do presidente da Deputación nunha visita institucional a Cambre, declaracións do presidente da Deputación. Di que é probable que o Sr. Calvo se confunda de lugar e non sabe que está falando de Cambre, porque o coñece pouco, igual se refire a negocios do seu partido, o caso Gürtel, o caso Barcenás, o caso Arena, probablemente sexa iso, e, polo tanto, se é así, dille que lle pida desculpas da súa parte.

Para concluír dille ao Sr. Rivas que se lle dedicase o mesmo tempo, o mesmo interese e o mesmo esforzo a traballar polos veciños de Cambre, como ten dedicado estes últimos 15 días a mentir na prensa, non estarían nesta situación, iso asegúrallo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que o Sr. García Patiño segue e segue a chamalo mentireiro, pero a xente que o coñece sabe que el non acostuma a mentir, e coñéceo bastante xente. El, sinceramente, xa o dixo ao principio, ao mellor é o seu último pleno, e por iso non quere calentar este pleno, pero segue dicindo que na prensa dixo o que dixo, igual que o Sr. García Patiño o chamou mentireiro, igual que dixo que ía presentar unha moción de censura antes sequera de presentar a cuestión de confianza. O voceiro de UxC foi o primeiro en pinchar todos os termos, en poñer á prensa en vereas, foi o primeiro, foi o que o dixo, non ten a data, é unha mágoa pero non a ten. O voceiro de UxC o que fai é o que adoita facer sempre, o que el dixo na prensa, que o Sr. concelleiro di en privado o que outros din por el en público, iso foi o que el dixo na prensa, e algunhas cousas máis, pero dille que segue a mantelo.

Pregúntalle se lle quedaron contestadas as preguntas.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que lle roga que non caia niso, que eles non contestaron na prensa, nin o van facer xamais, nunca, primeiro porque el considera que o Sr. alcalde ten familia, e mentir na prensa sabendo que está mentindo, e que a súa familia o vai ver, el iso non o fará xamais. Segundo porque el se considera veciño de Cambre, el vive en Cambre, e non só durme en Cambre, e mañá non se vai dedicar á política, e o Sr. alcalde tampouco, e encantaríalle tomar un café, pero se segue neses termos o Sr. alcalde deixa de ser persoa para el, e rógalle que non volva utilizar nin esta institución, nin este tipo de declaracións, polo ben de todos, polo ben de todos os veciños de Cambre.

O Sr. alcalde agradece esas palabras, e dille que hoxe, sinceramente, non ten gañas de seguir incrementando o nivel do pleno.

Don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro suplente do BNG, manifesta que por unha cuestión de orde, que como entendi no debate o voceiro do grupo popular, el pide facelo como voceiro en funcións do seu grupo.

O Sr. alcalde contesta que ao voceiro do PP lle sacou a palabra.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que logo de medio minuto.

O Sr. alcalde di que non, que lle apagou o micrófono.

Don Felipe Andreu Barallobre di que foi por alusións, porque a el que ninguén o chama mentireiro á cara.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que esta é a súa democracia, e seguen así, estupendo, esa é a súa democracia.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

M^a Luisa de la Red Ampudia